

CONCELLO
DE VIGO




TOPONIMIA DO VAL DE FRAGOSO

COMESAÑA

5

Anxo Rodríguez Lemos



Edición:

Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo
Edificio Newton, andar 1.º, portal 15. Rúa das Cumieiras, s/n
Campus de Vigo

36301 Vigo

Tfno.: 986 813 574

Fax: 986 813 559

© Anxo Rodríguez Lemos

Fotógrafo: Anxo Rodríguez Lemos

Foto portada: Vista xeral de Comesaña por Miguel González Ricoy

© Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo, 2018

© Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2018

Printed in Spain - Impreso en España

ISBN da colección: 978-84-8158-416-5

ISBN do volume: 978-84-8158-781-4

Depósito legal: VG 342-2018

Revisión: Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo

Maquetación e impresión: Tórculo Comunicación Gráfica, S.A.


Reservados todos os dereitos. Nin a totalidade nin parte deste libro pode reproducirse ou transmitirse por ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluíndo fotocopia, gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación, sen o permiso escrito da Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo.

TOPONIMIA DO VAL DE FRAGOSO

COMESAÑA

5

Anxo Rodríguez Lemos



CONCELLO
DE VIGO



Universida de Vigo

Aos veciños e veciñas desta parroquia,
aos que están e aos que se foron da nosa beira.

Na memoria da miña avoa, Consuelo *A Purgatoria*

Pedreira, Os Eidos ou Os Cocheiros. O mesmo acontecería no polígono do Caramuxo, onde A Ponte ou Navia quedou sen as fértiles barxas ás beiras do Lagares como As Ufas ou Os Fornos. As novas vías de comunicación contribuíron tamén aos cambios. A construción do cinto da circunvalación separou Comesaña de Casás e os barrios da Rodeira da Pedra Branca, comunicados hoxe por un túnel subterráneo.

Descendeu así o traballo na terra, a cada pouco máis comesta polas silvas e o mato que avanzan imparables á custa dos poucos ferrados que se labran, se sementan ou nos cales se corta a herba. A agricultura, sustento noutros tempos de boa parte das casas, viuse reducida ao traballo en hortas e en eidos. E este abandono das tarefas do agro levou ao esquecemento dos nomes ou, cando menos, converteunos en dato non esencial nunha vida cotiá na cal cada un anda ao seu, non hai labradas comunais nin limpeza de regos, nin arranxo de camiños, nin bailes ou seráns mentres se fiaba. As novas xeracións xa non saben o que foi a parroquia noutros tempos e a cadea da transmisión oral de nomes, cantigas, lendas, sucesos e costumes vaise rompendo como terrón tras o paso do arado. Menos mal que na parroquia seguen vivindo nativos e nativas como os Maturranca, os Zaragallas, os Ricoi, os Purgatorio, os Jachía, os da Presa, os Reinaldos, os Panchos, os Carreira, os Monroi, os Verzas, os Matacristos, os Chute, os Pintos, os Madruga, os Petotes, os Síos ou outras moitas persoas ás que, pola súa importancia nesta recollida, lles dedicaremos un apartado final para tentar explicar a posible procedencia dos seus alcumes. Todos elas representan as persoas que viviron e viven nunha parroquia da que todo coñecen e da que reivindicán a conservación dalgúns nomes en vías de desaparición como As Ufas, actualmente enmarcadas no polígono do Caramuxo; o cemiterio parroquial das Oleiras; o barrio dos Eidos que, ao figurar nos enderezos como estrada de Matamá-Pazo, parece que vai acabar por desaparecer; o viaduto do cinto que, máis ca Viña da Veiga como indica, debería ser de Comesaña; ou o polígono industrial das Pereiras como o dos Pumariños. Á citada conservación tampouco axudan as novas urbanizacións ou vivendas que, ao esquecer a denominación tradicional do lugar en que se asentán, se bautizan de novo como en 2007 os chalés construídos no alto de Casás baixo o nome de *San Andrés Residencial*. Non debía gustar *O Topete Residencial* para uns chalés vermellos, difíciles de encaixar na paisaxe, que tanto contrastan coas tradicionais casas pequenas, de pedra, cabana e curral.

Os topónimos, que é como así se lles chama tecnicamente aos nomes de lugar, parece que están sentenciados a morrer porque ninguén lles dá valor, nin sendo parte da nosa identidade e a maior herdanza inmaterial que deixaron os nosos avós. Todo porque, disque, cambiou a vida. Son xa moitas persoas as que non coñecen os barrios, nin como se chaman nin a súa localización; as familias que viven neles cos seus *apoios* (alcumes); onde e que terras tiñan ou outra información que os conformaba como unidade que xiraba arredor dun templo parroquial, o de Santo André de Comesaña.

Como veremos, cada un deles ten unha orixe, un significado e toda unha historia que o fixo conservarse a través dos séculos.

3 Orografía

Comesaña é unha parroquia cun relevo moi accidentado cara ao sur, onde predominan os outeiros e os altos, mentres que cara ao norte, xa lindando con Navia e Coia, predominan as chás e as pequenas vagoadas, así como acontecía na estrema con Matamá nas terras que en 1957 comezou a ocupar a Zona Franca.

Aparecen, polo tanto, cara á zona do norte altos como **O Curucho da Agueira**, punto máis alto da parroquia a 163 m sobre o nivel do mar, seguido da **Paraguda** (131 m), **A Pedra Longa** (107 m), que estrema con Coruxo, e o **Monte do Castro** (95 m). En dirección sur sucédense as terras baixas xa contra o río Sárdoma e as acentuadas chairas existentes nas terras de Citröen, que é probable que fosen noutros tempos lugar de vestixios megalíticos como nos dá mostra o topónimo fosilizado no lugar (As Antas).

Son boa mostra dos abundantes afloramentos rochosos a media ducia de canteiras que estiveron en explotación dende mediados do século XIX ata a década dos anos oitenta.

A Comesaña tradicional: os barrios os lugares

Como explicaba Iván Sestay no seu libro sobre os nomes de Coia, en Frago as aldeas son chamadas barrios, divididos á súa vez en lugares. Un exemplo disto é **O Tombo**, un lugar do barrio da Igrexa que acabou por converterse, ao medrar, noutro barrio máis. Os barrios históricos de Comesaña son **Os Cocheiros, Os Eidos, A Pedreira, A Ponte, Sanín, A Fonte Santa, Casás, A Pedra Branca, Rial, Comesaña, A Rodeira, As Nogueiras, A Viña da Veiga, O Pazo, Muíños, As Pereiras, O Romeu e A Igrexa**. Cada un ten os seus lugares, como **Os Liñares, A Presa, O Tombo, O Outeiro, O Topete, A Regueira, A Bouza, A Capela...**

Dentro deles aparecen as subdivisións menores destas entidades, os lugares ou eidos de cada unha das casas, coñecidos normalmente polo alcume do seu propietario ou propietaria, por exemplo, o **Lugar do Patillas**, que se refería a todo o ámbito que rodea a casa, acotío murado, propiedade deste veciño.

A documentación antiga consultada ponse da nosa parte e son moi poucos os nomes que se perderon ao longo dos anos ou que foron caendo en desuso. É certo que son bastantes os antropónimos referentes a alcumes de antigos propietarios ou propietarias do século pasado, pero tamén é verdade que hai nomes conservados con máis de trescentos anos de antigüidade. Algúns deles non somos quen de situalos por culpa do forte cambio que sufriron certos lugares; noutros si o facemos por aproximación, sobre todo nas terras que ocupou a Zona Franca.

6 O topónimo *Comesaña*

Rexístrase por escrito desde polo menos o século XII co nome actual, *Comesania* en latín («in terra de Fragoso ecclesia sancto Andree de Comesania», ano 1156) e *Comesaña* en galego desde o século XIII. A vulgar pola advocación de *Santo André*, un dos santos pertencentes ao vello santoral anterior ao século VIII, é probable que xa viñese sendo sé parroquial desde moito tempo atrás. Seguindo a González Reboredo (2012: 46), Santo André foi, xunto a San Pedro e Santiago, un dos apóstolos con maior presenza no padroado das nosas parroquias. Na diocese de Tui ocupa o décimo posto (sete parroquias, 2,4 %) por detrás de San Mamede e diante de Santa Baia. Santo recollido polos apócrifos maniqueos, foi propagada a súa devoción a finais do século V e, entre as primeiras referencias como titular dunha igrexa, consérvase un documento do mosteiro de Samos outorgado polo rei Ordoño III no ano 951; ademais de ser patrón de mosteiros como o de Congostro (Rairiz de Veiga), documentado arredor do 1002, ou advocación principal dun dos máis importantes santuarios de Galicia, pois por todos é sabido que a Santo André de Teixido «vai de morto quen non foi de vivo». Aínda sendo a súa advocación en galego (Santo André), a forma castelanizada acabou por imperar na denominación desta parroquia viguesa a pesar de aparecer na documentación antiga como Santo André de Comesaña.

Comesaña é topónimo de orixe escura, probablemente prerromana. A hipótese etimolóxica máis verosímil é que remonte a un étimo céltico *CAMESANIA, composto de CAMESIA e o sufixo -AÑA (cf. *Ardaña, Bendaña, Besaña, Barraña, Barbaña...*). O substantivo CAMESIA está presente no topónimo **Cameixa** (O Carballiño, Ourense), documentado en latín no

tamén o seu Sardomela, é dicir, un río que fronte ao principal é algo máis pequeno e leva menos auga.

Ao seu paso pola parroquia de Comesaña recibe ata outras catro denominacións que se refiren ben ao lugar polo que pasa, como acontece no **Río da Ceña**, ben a construcións que serven para o cruzar, como o caso do **Río da Ponte** ou o **Río da Táboa**. Debeu ser outro nome, **O Río de Barcos**, o que deu orixe á denominación das terras localizadas na súa beira por debaixo do actual cemiterio parroquial.

Os afluentes do Sárdoma

Ao río Sárdoma verten a súa auga dous importantes ríos ou regatos (segundo a época do ano) que nacen nos montes de Comesaña e de Matamá.

Dende Sanín, con nacentes en Matamá, o río que cruza os barrios da Rodeira e Comesaña recibe o nome do **Río de Gonzas** que, á súa vez, conta con outras denominacións debidas aos lugares que atravesatales como o **Río da Presa** e o **Río da Rodeira**. Unha segunda corrente de auga importante, que conta con ata tres regos que lle dan auga, vén do barrio de Rial. O **Río do Croque** baixa do monte da Aguieira e cruza a Gandra de Casás e vai parar ao barrio da Regueira, logo de mover o rodicio de ata catro muíños. Alí xúntase co **Regueiro dos Taliños**, que nace en Freixo e move outros dous muíños, o muíño de Riba e o de Baixo. O **Río do Granxeo**, que volve á superficie en terras de Fragoselo tras se mergullar nas profundas Covas do Folón ou do Furón, como algúns din, quizais relacionando as grandes cavidades cos buracos que fai este animal na terra, conflúen con eles no lugar das Breñas. Dende esta unión, o curso que forman os tres regueiros citados coñécese como o **Río de Rial** por antonomasia.

Novamente, xúntase baixo as fértiles terras das Gaiosas, co xa citado **Río de Gonzas** e as súas augas van dende aquí xuntas dar ao Lagares. Pouco antes disto e río abaixo sucédense nomes como o **Río dos Pumariños**, o **Río do Pazo** ou o **Río Verde**; todos eles referidos a unha mesma realidade hidrográfica que podíamos chamar **Río de Comesaña**.

► Adro, O

■ Arredores da igrexa parroquial.

Procedente do latín *ATRIUM*, pasou de designar o lugar que antecedería a casa romana ao situado diante e arredor da igrexa parroquial. **O Adro de Comesaña** non tiña en orixe o muro perimetral que ten hoxe en día, polo que se sucederon dende 1611 ordes do bispo para que «los feligreses (...) a su costa, adereçen el atrio so pena deb dos ducados». Parece que o primeiro muro foi de 1617, ano en que se volverá dicir que «los feligreses cierran el atrio de la Iglesia por todas partes donde estuviera abierto (...) dentro de quince días, pena de excomunion maior y de ocho reales para que un pedrero lo cierre a su costa, no haciendolo ellos». Dende 1883 prohíbese enterrar no interior das igrexas, polo que se deron normas para podelo facer nos adros, lugares utilizados como espazo de inhumación dende xa de vello, ou en novos cemiterios afastados das igrexas.

«Juan Antonio Gutierrez Castillo (...) casa de un alto con su torre al sitio de la **Yglesia** (...) linda a la derecha con el **atrio de la yglesia**» (1752, CME, Leigos, f. 422r)

► Agua Alta, A

■ Tomadas situadas por riba da Canteira do Jacinto mesmo ao lado dos Talliños.

Debeu ser o regueiro dos Talliños e as súas augas o que serviu para comezar a denominar estas tomadas como **A Agua Alta** en referencia á súa altitude. En 1861 tiña o común de Comesaña, entre **As Augas Altas** e **A Fontaiña**, dúas hectáreas de monte estremando por «norte y poniente con bienes de particualres, Sur montes de Valladares y naciente con riachuelo que vaja de dicho Valladares». Xunto a outros comunais, a veciñanza redimíraos dun pagamento que lle debían ao abade e cura simple de Comesaña.¹ Con motivo do seu deslinde en

¹ Archivo Histórico Municipal de Vigo (AHMV), BOU/24, Patrimonio, montes. 1861, outubro, 3. Bouzas.

dos grandes alboios conservados en Comesaña atópase tamén o forno do pan e o palleiro, cando non existe para estes unha dependencia independente. Adoitan ser todos de planta cadrada ou rectangular, abertos por un ou por varios lados, de costas ao vento dominante e con tellado a dúas ou a unha auga. Pese á súa abundancia, só recollemos, como exemplo, **O Alboio da Tía Gena**, *A Cachana*. Non é que fose nin moi grande nin importante, pero garda un significado descoñecido para moitas persoas. Foi este o lugar onde a Virxe do Rosario, segundo a tradición local, se lle apareceu a un neno do barrio de Comesaña. Tras a visión, o cativo perdeu a fala e os seus proxenitores tiveron que ofrecelo ao glorioso San Campio de Lonxe en Figueiró (Tomiño). O seu pai levouno ás carranchapernas dende Comesaña ata as beiras do Miño. Alí oíron a correspondente misa e o neno foi ofrecido dentro dun cadaleito disposto para tal fin na procesión. Acaboulle por vir a fala ao pouco tempo. Ao chegar o día da procesión do Rosario, celebrada cada 8 de setembro, o neno colleu a nai da man e, cando viu saír a Virxe en andas, díxolle pola calada: «Mamá, esa foi a muller que se me apareceu no alboio da Tía Gena!».

► Ameases, Os; Amieiros, Os

Os Amieiros é o nome que recibe o monte comunal á altura do cruzamento entre a estrada do Zondal e o camiño que vai dende Casás ata A Paricia. Tanto en terras hoxe ocupadas pola Zona Franca coma nunhas tomadas ao pasar o alboio da Mercedes do Santiago, na Gandra de Casás, consérvase o topónimo **Os Ameases**.

Amieiro é a denominación común da árbore coñecida cientificamente como *Alnus glutinosa*. *Ameneiro* provén dun latín galaico AMINARIUM, mentres que *ameal* o fai de AMINALEM. É unha árbore propia de terreos húmidos. As zonas de Comesaña chamadas *Os Amieiros* e *Os Ameases* son pluralizacións referentes a lugares poboados desta variedade de árbore. A reduplicación do morfema de plural indica que a forma antiga do topónimo *Os Ameases* era *Os Ameás* (do étimo AMINALES), unha forma que deixou de ser percibida como plural e á que se lle engadiu o -es final:

Característico da toponimia do Val Miñor e do Baixo Miño e emparentado co verbo *arar* 'labrar a terra', o substantivo *aral* designaba un espazo de terra cultivado formado por diferentes pezas de terra dedicado a hortalizas, árbores froiteiras e viña. En canto á súa extensión é maior ca un cocho (pode haber varios cochos e viñas dentro dun mesmo aral):

«doce ferrados labradío secano segunda calidad al sitio **de Aral**»
(Libro do Maior Facendado, libro 273, f. 3928, rolo 196 B, AHU)

► **Areosa, A; Tomadas do Areeiro, As**

Tomadas existentes por riba da Gandra de Casás e á beira do camiño que vai á Aguieira.

Do latín *ARENAM* 'area' estes topónimos refírense a terreos areosos ou con mestura de xabre e de area na terra. Hai quen utiliza indistintamente para referirse a estas terras tamén o nome **A Areosa**, de clara semellanza:

«cinquenta y quatro ferrados de monte y nutil al sitio **de Areeiro** y **Bustarenga** linda a leste [y] norte con haciendas del lugar do Freijo...»
(1752, CME, Leigos, f. 802r)

► **Arribadas, As**

Labradíos situados no alto formado sobre As Gaiosas, no barrio de Comesaña.

Derivado de *riba* e dunha orixinaria *ribada* entendida como terreo en declive ou terraplén, entre dous terreos, como delata a súa situación en Comesaña (*Diccionario de diccionarios*). En 1863, o *Diccionario gallego-castellano*, elaborado polo presbítero Francisco Javier Rodríguez, define *ribada* como 'elevación de tierra formada en una heredad por dos razones porque la parte de arriba se acumula la tierra y por la de abajo le va faltando insensiblemente por la mala inteligencia de los labradores que con la labor la van acarreado al hondo o parte más baja,

dejando la más alta descarnada e improductible. Cuando estas ribadas son demasiado grandes y que asombran los terrenos, deben sacarle la tierra en carros y transportarla a la parte superior de la heredad, conservándola después principiando todas las labores por lo más alto, con lo que la tierra no irá abajo, sino arriba o a lo menos se conservará en su ser y producirá toda igualmente'. Entenden algúns autores *ribada* como terreo contiguo a corrente de auga (Marqués, 2004: 175).

► **Baixas, As**

Terras situadas nunha pequena vagoada, subindo polo camiño Fondo á dereita. Abundan hoxe nelas as silvas e os canavais, froito do seu abandono.

Deriva de (leira) baixa ou (terra) baixa, en contraposición locacional con outras terras máis altas e transitadas, como podía ser *A Fría* ou *Costelas*, todas elas situadas a maior altitude respecto a estas.

► **Baños**

Terras a poulo, moitas delas aterradas polo peche do antigo vertedoiro de lixo, situadas por riba do barrio de Casás e por baixo da Paraguda.

Baños é descrito en 1888 como monte «al que le cruzan caminos y riegos que fertilizan predios de particulares»,³ aludindo deste xeito á abundante humidade predominante nestas terras. Dado que nesta área existe tamén o apelido *Baños*, a vinculación co apelido de propietario ou proprietaria non se descarta. Rexeitamos dende logo a existencia dun *BALNEUM*, é dicir, un 'establecemento público onde se podían ir a tomar baños de augas minerais'.

³ *Medición y deslinde de los montes de aprovechamiento común de varias parroquias pertenecientes al término municipal de Bouzas*. AHMV, BOU/24.

«un octavo de deesa (...) al sitio de **Baños**» (1752, CME, Leigos, f. 474v)

«un ferrado de monte (...) al sitio de **Baños**» (1752, CME, Leigos, f. 610v)

«... los herederos de Sebastián de Comesaña y consortes deven pagar anualmente la limosna de una misa resada (...) que se halla impuesta en el **campo dos Baños**» (1799-1872, AHD, Libro de Colecturía, f. 10v)

«terreno destinado a monte, **Baños**, de 600 varas» (1916, AHMV, Libro de Amillaramento, Antonio Comesaña Vila, f. 2)

► Barredo, O

Labradíos e pastos do barrio de Rial que lindan co río e que eran regados coa presa que había na mina da fonte da Cal.

Foi a abundancia de auga na parroquia a que fixo que moitas terras fosen auténticos lameiros. É do vocábulo prerromano *barro* mais do abundancial *-edo* de onde provén o noso *Barredo*, que designa as terras pegadas ao río de Rial; lugar en que ‘había ou se formaba moito barro’. Documentamos a forma *Birredo*, que cremos que é variante; non obstante, explicaríase mellor a partir de Berredo ca non de Barredo.

«... al sitio **do Birredo**» (1752, CME, Leigos, f. 695v)

«un ferrado en sembradura (...) secano al sitio **do Birredo**» (1752, CME, Leigos, f. 763v)

► Barreiros, Os; Barreiro de Baixo, O; Barreiro de Riba, O

Terras que lle quedaron ao barrio de Comesaña logo de que o complexo industrial situado nos Pumariños lle arrebatase a maioría dos seus campos de labor.

Nome derivado, coma o anterior, de *barro*, atendendo á constitución da terra, abundante en lama. É moi común na toponimia, como aquí acontece, que as terras se distinguen ben pola súa latitude, ben pola súa localización. Así, **O Barreiro de Baixo** está máis cara ao sur ca **O Barreiro de Riba**.

«una cavadura de viña (...) al sitio de **Barreiros**» (1752, CME, Leigos, f. 503v)

«nueve ferrados (...) secano al sitio de **Barreiro**» (1752, CME, Leigos, f. 625v)

▶ **Barroqueira, A**

Moi preto de onde estaba un dos bens do igrexario da parroquia, ao chegar á volta que o camiño fai no lugar do Castañal, atopamos **A Barroqueira**, pouco despois de pasar a casa do Xamoneiro.

Unha *barroqueira*, igual ca o é unha *barroca* (Baíña, Baiona) ou unha *barreira*, é un lugar de onde se extrae barro. A abundancia no lugar dun barro moi bo e fino fixo que fosen moitas as persoas que foron sacar de alí barro e xabre para tapar portas de fornos, usar na construción de muros ou selar a pota da augardente cando viñan os augardenteiros de Guláns. Son moitas as persoas que recordan como os carros quedaban enterrados nestas terras, de paso obrigado para ir aos campos das Gordoias.

De idéntica orixe é o topónimo documentado no século xvii para «la heredad **das Barrocas** de quatro ferrados de pan en senbradura que demarca con la **telleira de Balahido** y río de la **Puente de Sárdoma**» (AHMV, *Morgado de Pazos*, 1643, f. 2r). A proximidade destas industrias á fonte de materia prima parece clara.

▶ **Barxas Grandes, As; Barxas, As**

Comesaña tiña moitas terras de barxa pola súa gran humidade. Onde hoxe están as naves deseñadas por César Portela para Vitrasa contra o río, son **As Barxas**. Ás beiras do río de Rial había tamén terras de barxa, algunhas delas cultivadas hoxe con millo e outras a *poulo*. **As Barxas Grandes** foron terras ocupadas pola Zona Franca atravesadas por un camiño que conectaba coa ponte da Señoriña (Coia).

«tres ferrados en el **cocho da Bouza**, parte con **campo da Señeyra**» (AHMV, Relazion, 1643, f. 3v)

«**cocho da Barjiña** de quatro ferrados (...) que demarca con campo de Alonso Mallo y campo da Cineira de arriba» (AHMV, Morgado de Pazos, 1643, f. 1v)

► Bouzós

Terreos ás beiras do río dos Pumariños, hoxe ocupados pola industria automobilística do polígono.

Bouzós é un nome derivado de *bouza* mediante o sufixo diminutivo correspondente ao latín -OLA, que no galego desta zona resulta en -ó. É un nome menos común ca a súa base *bouza*, pero ten o mesmo significado de terreo con árbores e mato. A diferenza radica seguramente nun menor tamaño.

► Breñas, As

Terras á beira do río do Granxeo, a continuación das Gordoias no Rial de Mato.

Unha *breña*, termo de orixe descoñecida, mais seguramente prerromana, podería aludir na toponimia a unha 'terra quebrada entre penedos e poboada de maleza' (*Diccionario de diccionarios*). Debeu ser o mato que abundou nesta zona o que motivou a existencia deste nome, unha hipótese apoiada na proximidade do topónimo *O Rial de Mato*.

«dos ferrados de monte de segunda calidad al sitio **da Breña**» (Libro do Maior Facendado, libro 273, f. 3928, Rolo 196 B, AHU)

► Buracas, As

Campos en Rial ás beiras do río, detrás da casa do Papalaluna.

Procedente do participio de *cachar* ‘romper’, derivado de *cacho* ‘anaco, pedazo’, unha *cachada* refírese a un terreo que foi sacado de monte para ser cultivado. Os dicionarios tamén apuntan a un ‘terreo inculto que foi arado e preparado para sementar’. É sinónimo de *minada*, *tomada*, *vesada* etc., todas elas denominacións referentes a terras gañadas do baldío.

Moitos dos lugares chamados *Cachada* relaciónanse con terras dedicadas ao cultivo do millo americano, polo tanto, bautizadas así dende a chegada deste alá pola segunda metade do século xvi.

► **Cacheira, A**

A Cacheira é un topónimo en vías de extinción. A instalación na maioría dos seus terreos de industrias como Productora Faro deu lugar a que o nome se use xa pouco.

Tamén da familia de *cachar* provén o substantivo *cacheiro* ou *cacheira*. Ambos designan terras que foron sacadas de monte ou de mato para ser cultivadas. Algúns dicionarios din que unha *cacheira* é un ‘terreo moi espazoso’ (CVFLG), fronte a *cachada* que é de menores dimensións.

► **Cachizal, O**

Terras *a poulo* no lugar de Comesaña xunto ao carreiro de pés que, dende os resíos da casa da Chidiñas, une este barrio co camiño da Gatallada.

O *Cachizal* parece derivado de *cachizo*, substantivo con diferentes significados que puideron dar en alcume. Derivado de *cacho* ‘pedazo’ ou vinculado con *escachizar* ‘partir en anacos’, na toponimia trataríase de propiedades fragmentadas (partidas en *cachizas*) como *Os Cachizos* recollidos en Beade.

► **Cadela, A**

O campo chamado **A Cadela** está situado nas estremas con Coia, por debaixo do camposanto de Bouzas. Entestaba no sur coas vías do tranvía que ía a Baiona.

A *cadela* é a femia do can, chamado en latín *CATELLUS*. O sentido figurado de *cadela* é o de 'muller perdida, mundana ou puta' (*Diccionario de dicionarios*), pero **A Cadela** de Comesaña ben se refírese ao animal, antiga posesora alcumada *A Cadela*, ben incluso como topónimo con carácter despectivo para unhas terras de pequeno tamaño. De existir noutrora algún tipo de rega ou canalización no lugar, estaríamos ante un diminutivo de *CADA* (<*CAADA*<*CANALATA*) presente en topónimos como Fontecada (*FORTE CANALATA*). O vigüés levaría o diminutivo *-ela* e lembraría o paso polo lugar dunha canle ou rego.

► **Caíñas, As**

Terreos ocupados por viñedos, algúns deles abandonados e *poulos* no barrio de Comesaña, diante da casa da Chidiñas.

O caíño tinto é unha das moitas variedades de uva que se dá na parroquia xunto a outras variedades como a alicantina, o collón de galo, a benedita ou *cagarrucha*, *a pionona* (a uva fresa das terras do Miñor), a mención ou outras. Son **As Caíñas**, polo tanto, un topónimo que designaba o tipo de viña que se daba nestas terras nas cales aínda hoxe hai algunha mostra desta variedade.

► **Calquiña, A**

Terras hoxe á beira da estrada de Camposancos, pouco despois de pasar a gasolinera da Pedreira e antes da entrada cara ás naves de Vitrasa.

O topónimo *A Calquiña* procede do verbo *calcar*, do latín *CALCARE* 'pisar'. Refírese ao acto de calcar os terreos para darlles consistencia e evitar que queden foupeiros ou folgados. Entre as últimas expropiacións

da Zona Franca en 1958, na primeira etapa, estaban os terreos da Fonte da Pedreira e A Calquiña, unhas 85 varas valoradas en 2400 pesetas.⁴

«se le hace cargo de cinco reales y veinte y tres maravedís que anualmente paga Gregorio Alonso da Devesa vezino de San Paio (...) por el **campo de la calquiña**» (1697-1932, AHD, Libro de fábrica 2, f. 53)

«Afonso Rodríguez trae vna heredad buena que dizen **da Calquiña**» (AHMV, Relazion, 1643, f. 2r)

«campo que se dice **de Calquiña** de honçe ferrados (...) que demarca por una parte con estrada que ba para Vayona» (AHMV, Morgado de Pazos, 1643, f. 1v)

► **Calvario, O ou Viacrucis da Rodeira**

Conxunto de cruces no barrio da Rodeira polo que en Semana Santa aínda se fai o percorrido do viacrucis.

Do latín CALVA ‘cranio’ provén a VOZ CALVARIUM. Referente neste caso á xeografía relixiosa, é un termo empregado con diversas acepcións: ‘lugar onde Noso Señor Xesucristo foi crucificado’, ‘viacrucis’ ou ‘elevación na que se pon unha cruz para figurar o calvario’ (*Diccionario de diccionarios*). **O Calvario da Rodeira** está formado por unhas doce cruces pétreas incrustadas nos muros dos arredores, algunhas delas cambiadas nos últimos anos por outras de cemento. *O Cristo do Outeiro* é a fin deste calvario e simboliza o monte alto onde Cristo foi crucificado.

► **Camiños**

CAMMINUS en latín, como ‘vía pola que se transita’, é un celtismo (a palabra latina para ese significado era VIA). Polos camiños, ademais das persoas, cóntase que transitan os defuntos ata tres anos logo de mortos en forma de acompañamentos ou Santa Compañía. Foron moitas persoas na parroquia que oíron falar destes seres que

⁴ Arquivo Histórico Municipal de Vigo (AHMV), carp. 20, ano 98, núm. 410008.

con S-), o **Camiño da Chan** (Casás), o **Camiño da Cortiña ou da Xelina** (A Ponte, rotulado erroneamente como *Camiño das Cortiñas*), o **Camiño da Eira Vella** (A Ponte), o **Camiño da Escola** (A Igrexa), o **Camiño da Fonte Santa**, o **Camiño da Gatallada** (Comesaña- As Nogueiras), o **Camiño da Laxe** (Casás), o **Camiño da Mina** (desaparecido en Comesaña co trazado da circunvalación), o **Camiño da Papuíña** (Rial), o **Camiño da Pedreira**, o **Camiño da Pitasia** (Rial-O Romeu), o **Camiño da Regueira** (Casás), o **Camiño da Rodeira**, o **Camiño da Sartén** (Sanín), o **Camiño da Táboa** (A Viña da Veiga), o **Camiño da Veiga** (Comesaña), o **Camiño da Viña da Veiga**, o **Camiño das Santas** (Os Cocheiros), o **Camiño das Ceñeiras** (A Ponte), o **Camiño das Pereiras**, o **Camiño de Tinallas** (A Ponte), o **Camiño das Ufas** (A Ponte, mal chamado *Camiño do Caramuxo*), o **Camiño de Bouzas** (A Ponte, mal chamado *Rúa da Cañiza*), o **Camiño de Martíns** (O Romeu-Muíños), o **Camiño de Redondos** (Rial), o **Camiño de Rial**, o **Camiño de Sanín**, o **Camiño de Sequeiros** (As Pereiras-Coruxo), o **Camiño de Viñó** (O Romeu-Coruxo), o **Camiño do Angueiro** (actual Zona Franca), o **Camiño do Cemiterio** (O Tombo), o **Camiño do Castro** (A Pedra Branca), o **Camiño do Couso** (Rial), o **Camiño do Femio** (Rial), o **Camiño do Gato** (Rial-Coruxo), o **Camiño do Pazo**, o **Camiño do Pelexo** (A Ponte), o **Camiño do Perdiz**, o **Camiño do Pociño** (Muíños), o **Camiño do Puntillón** (Sanín), o **Camiño do Rego** (Casás), o **Camiño do Río** (As Pereiras-O Pazo), o **Camiño do Tombo**, o **Camiño do Topete** (Casás), o **Camiño dos da Eira** (A Ponte), o **Camiño dos Liñares** (Os Cocheiros), o **Camiño dos Loureiros** (A Igrexa), o **Camiño Vello** (Sanín) e o **Camiño Fondo** (Casás).

Campo da Canteira, Campo da Fonte, Campo da Patoura, Campo da Ponte, Campo da Xunqueira, Campo das Millanas, Campo do Apolinar, Campo do Camiño, Campo do Carreiro, Campo do Chiquirraque, Campo do Chosco, Campo do Choupo, Campo do Cura, Campo do Malacas, Campo do Marrolo, Campo do Pazo, Campo do Perdiz, Campo do Pozo, Campo dos Carreiros, Campo dos Sarillos, Campo Grande

O nome *campo* designa na toponimia unha superficie aberta e chaira, xeralmente sen cercar, cultivada ou a poulo; e mesmo xeneralizando refírese a calquera tipo de terreo. Do latín *CAMPUS*

► **Cancelo, O**

O Cancelo é o nome dos campos existentes no inicio do camiño das Antas nos Cocheiros. Era o lugar onde tamén había unha mina de auga hoxe desaparecida á beira da casa do Pintos.

Procedente do latín *CANCELLU*, *O Cancelo* tende a aparecer na toponimia para bautizar terreos pechados ou lugares nos cales había unha cancela que evitaba o paso de gando e de persoas a certas terras. A ninguén da veciñanza lle acorda existir neste lugar unha cancela que evitase o paso cara ao camiño que partía dende aquí ás Antas. Aparece este nome na cantiga popular:

O paxaro de María
foi ás uvas ao Cancelo
todo paxaro ten plumas
o de María ten pelos.

«dos ferrados (...) secano al sitio de **Canzelo**» (1752, CME, Leigos, f. 456v)

«un ferrado y quarta (...) secano al sitio de **Canzelo**» (1752, CME, Leigos, f. 773v)

► **Canosas, As**

O Nomenclátor de Galicia recolle *A Canosa* como nome de lugar nos concellos de Carballo, Cee e Moeche. Derivado de cana, **As Canosas** de Comesaña pola súa proximidade ao río das Breñas puido ser un terreo con *Arundo donax*. O Catastro de Ensenada recolle no barrio da Ponte, no século XVIII, un labradío propiedade de Joseph Antonio Alonso «al sitio de Canas» (1752, CME, *Real de legos*, f. 440r). Outra viña co mesmo nome dependía do morgado fundado no século XVII por dona Teresa de Pazos.

«la dehesa de las **Canosas**» (AHMV, Memorial, 1772, f. 5v)

que pertenceu á familia dos da Presa. Entre os mandatos do bispo Juan García de Valdemora recollidos no libro de fábrica da parroquia e con data do ano 1619 lese: «mando que todas las personas que llebaron y quitaron las piedras de la çerradura del adrio y de lo que quedaron de la hermita de Nuestra Señora que se desfizo, las buelban onde estaban dentro de quinze días pena de excomunion maior» (1619, Libro de Fábrica 1609-1694, f. 24, AHDT, 60. Comesaña, núm. 226, estante 9E e 10A). Descoñecemos se esa capela da Nosa Señora era a que se situaba no barrio dos Eidos ou unha das inxeridas dentro da igrexa parroquial e que fose daquela derruída.

► Capitán, O

Campos localizados entre Comesaña e As Nogueiras, detrás de Alamburu.

Cando o recorde dunha persoa queda nun topónimo, a partir do seu antropónimo ou nome, chámase *antrotónimo*. Ao longo dos séculos, as persoas que habitaron a parroquia deixaron en camiños, terras, fontes, muíños ou cursos de auga, entre outros, parte de si. Mantivéronse en moitos dos topónimos recollidos antigos alcumes, apelidos ou nomes de propietario ou proprietaria que, en ocasións, chegaron aos nosos días deturpados pola fala viva, evolucionados a unha forma tan difícil de descifrar que é imposible explicar cal foi a súa orixe ou significado inicial. Das terras que no barrio do Pazo se coñecen como *A Patuxa* non sabemos nada, unha escuridade non extrapolable a outros topónimos máis transparentes como pode ser *O Campo do Bordallo*, *O Campo dos Sarillos* ou o *Campo da Tourona*, todos eles coa referencia ao apoio do seu propietario ou proprietaria. O esquema máis habitual deste tipo de nomes é SUBSTANTIVO + DE + NOME PERSOAL. O substantivo común do primeiro elemento non se refire necesariamente a unha realidade existente na actualidade, isto é, os topónimos do tipo *A Casa de X*, *O Lugar de X*, *A Cabana de X* non sempre designan hoxe, respectivamente, unha vivenda, o eido inmediato cercado por muros e o hórreo.

O topónimo que nos ocupa deriva de *A do Capitán* ‘terra propiedade dun home de oficio capitán ou acumado O Capitán’. O capitán era

antigamente o xefe militar dunha xurisdición e o encargado de facer as levas de soldados; e en ocasións era o rexedor, pero non sempre coincidían as dúas funcións. Procede do latín *CAPITANUS* ‘xefe’.

► **Carballa, A**

Terras situadas no teso que hai en fronte de Pinturas Monto, pouco despois da gasolinera da Pedreira.

Unha *carballa* é un carballo vello, de tronco ancho e ampla copa. O lugar da Carballa, aos pés do barrio da Pedreira, aínda é hoxe en día un lugar con abundancia de carballos, pero xa sen esa grande árbore que lle deu nome.

► **Carballeiras, As**

As Carballeiras era o nome das terras que quedaban extra muros do coñecido Pazo da Inquisición, no barrio do Pazo e que estaban poboadas de carballos.

Segundo Eladio Rodríguez González unha *carballeira* é un ‘terreo chan e extenso poboado de carballos’ (*Diccionario de diccionarios*). O froito desta árbore é a landra, apreciada polos porcos e a súa madeira dura e fibrosa empregábase para fabricar apeiros de labranza, principalmente mangos, a canga e o cancel, e partes do carro como os *fuñeiros* dos que xa fala a canción:

Para cuñas, pau de toxo
para fuñeiros, carballo
para contentar as nenas,
a cabezalla do carro.

► **Carballiños, Os**

Tomadas que hoxe en día acollen un pequeno grupo de seis casas, por riba do lugar da Presa en Sanín. A máis vella das casas é a casa do Cabezas.

Nome derivado de *carballo*, pero de carácter diminutivo co sufixo *-iño*.

«medio ferrado (...) secano al sitio do **Cocho dos Carballiños**» (1752, CME, Leigos, f. 464v)

«cocho que llaman Carballiño que limita con camino que ba para Matamá y con el lugar dos Cocheiros» (AHMV, Memorial do Morgado de Pazos, 1643, f. 6r)

► **Carballo da Laxe, O**

■ Singular carballo pola súa corpulencia e gran tamaño.

O galego *carballo*, palabra prerromana característica da antiga Gallaecia, designa diferentes especies do xénero *Quercus*, especialmente o *Quercus robur*, carballo común, pero tamén outros como o *rebolo* ou o *Quercus pyrenaica*. A súa pegada na toponimia dá boa mostra da importancia desta árbore, sen dúbida unha das máis abundantes nos nosos montes e devesas. **O Carballo da Laxe** (Casás) é unha desas árbores centenarias lembrada por diferentes xeracións.

► **Casa das Mans Unidas, A ou Casa do Oullo de Boi, A**

■ A única casa que recibe unha denominación non referente á familia que a habita, senón a un elemento decorativo que ten na súa fachada, é **A Casa das Mans Unidas ou do Oullo de Boi**.

Localizada no inicio do camiño que vai da estrada de Matamá a Pazo á de Camposancos pola Viña da Veiga, *A Casa das Mans Unidas* ten na súa fachada suroeste unha elemento que serviu para a diferenciar.



xa non serviría como referente ao construírse outras casas, pero si como denominación das terras onde esta se localizou orixinariamente. Hoxe en día, os campos así coñecidos non presentan construción ningunha.

«Fundó Rodrigo Alonso y María Alonso seys misas resadas (...) sobre el lugar en donde vivió que se compone de viña, parra, ayra y corral que tiene por nombre **casa noba**» (1799-1872, AHD, Libro de Colecturía, f. 9)

«Cobré de Pedro de Comesaña por el lugar de la **casa nova** 40 reales» (f. 50, 1847, Libro de Colecturía 1799-1872, AHD)

► Casás

Procedente do latín *CASAM*, ao comezo significaba ‘cabana’ e pasou de xeito gradual a referirse á casa en xeral.

«tres quartas de deesa (..) al sitio de **Casás**» (1752, CME, Leigos, f. 435r)

«casa terreña al lugar de **Casás**» (1752, CME, Leigos, f. 462r)

«Isidro de Araújo y consortes tiene la obligación de pagar anualmente la limosna de una misa resada (...) [fundada] sobre la **casa** y **lugar de Casás**» (1799-1872, AHD, Libro de Colecturía, f. 11)

► Castañal, O

Ao pasar a casa do Jachías en Rial, as terras situadas á esquerda da volta da Barroqueira son **O Castañal**. Son terreos hoxe ocupados con viñas e outros *de poulo* e con canas.

Castañal vén de *CASTANEALE*, derivado de *CASTANEA*, con sufixo colectivo *-ALE*. Na toponimia fálanos de lugares poboados de castiñeiros, hoxe tan pouco abundantes na parroquia. Os castañeiros, como se di na fala local, foron noutro tempo sustento das familias da parroquia por dar castañas (*Castanea sativa*), alimento indispensable nas nosas comidas ata a chegada da pataca. Co novo tubérculo e coa expansión do millo, a castaña foi perdendo importancia na alimentación.

Dulce Nombre de Jesús en el altar de Santo Christo» (1799-1872, AHD, Libro de Colecturía, f. 48)

«terreno a labradío **Castros** de 100 varas» (1916, AHMV, Libro de Amillaramento, Juan Comesaña Comesaña, f. 15)

► **Cavada, A; Cavada Nova, A**

Unha *cavada* é un anaco de monte ou herdade preparada para o cultivo (*Historia de Galiza* de O. Pedrayo, tomo II, 176). Deriva do verbo *cavar*, en latín *CAVARE*, derivado á súa vez do latín *cavus* ‘oco’. **A Cavada Nova** refírese a un terreo novo que se sacou de monte para ser cultivado.

«dos ferrados de monte (...) al sitio de **Cauada Noua**» (1752, CME, Leigos, f. 504v)

«una quarta de ferrado (...) secano al sitio **da Cauadiña**» (1752, CME, Leigos, f. 620r)

«un tercio de monte (...) al sitio de **Cauadiña**» (1752, CME, Leigos, f. 443r-443v)

► **Ceñas do Norte, As; Ceñas, As; Ceñas, Tras das**

Debeu de ser a existencia nesta beira do Lagares de aceas o que lle deu nome ás terras aquí situadas.

Unha *ceña* é unha deformación do substantivo *acea*, especie de muíño de auga capacitado para mover moita máis auga ca un muíño de río e, polo tanto, de edificio máis grande ca os habituais. As aceas non funcionaban cun rodicio horizontal coma os muíños de río, senón que se accionaban mediante unha gran roda vertical chamada *bruiá*. É un dos poucos arabismos vellos do galego, derivado de *AS-SÂNIYA* ‘o muíño fariñeiro’. Para diferenciar unhas terras doutras, aparecen tamén os nomes de **As Ceñas do Norte**, onde norte nos informa da orientación cardinal ou **Tras das Ceñas**, este outro tamén referente á localización espacial dunhas terras situadas ‘detrás’ das aceas.

os terreos próximos. Modificado polo adxectivo longo (do latín L_NGU, L_NGA), que caracteriza a terra pola súa forma alongada, temos tamén na parroquia o topónimo, coa forma en masculino, *O Chan Longo* (do latín PLANUM).

► Charco do Grilo, O

Ás beiras do mesmo muíño do Grilo tiña este home alcumado O Grilo unhas terriñas coñecidas pola xente como **O Charco do Grilo**.

O substantivo *charco* é unha palabra común ao galego, castelán e portugués da que descoñecemos a orixe, e para algúns estudosos é quizais prerromana. *O Charco do Grilo* non era en si unha fochanca en que se retivese auga, senón que era unha terra sempre anegada de auga e na cal case non se daban os cultivos. Non é difícil imaxinar isto cando as terras próximas se enchoupaban da auga que saía do muíño alí situado.

► Chousiño, O; Chouso de Dentro, O

O Chousiño é outra das moitas terras que desapareceron a comezos dos anos sesenta do século pasado coa construción da Zona Franca. **O Chouso de Dentro** móstrase como un nome fosilizado no barrio de Casás.

Do latín CLAUSU ‘pechado, cercado ou murado’, un chouso designaba terreos cercados que na súa maioría estaban dedicados ao cultivo da vide, e en ocasións nos arredores da casa. O topónimo *O Chouso de Dentro* recollido en Casás parece que quedou orfo co paso dos anos, xa que o normal sería que tamén existise un Chouso de Fóra, que daquela lle daría significado a este outro como terra cercada situada cara ao interior.

«un ferrado y medio (...) secano al sitio de **Chouciño**» (1752, CME, Leigos, f. 643r)

Este substantivo tan presente na nosa toponimia é propio na fala actual da Galicia suroccidental. Úsase para referirse a un ‘anaco pequeno de terreo de labor cultivado’. A paisaxe agraria de Comesaña estaba composta polo elevado número de pequenas explotacións, propiedades moi divididas e concentradas nos arredores dos lugares habitados. A maioría das explotacións eran de carácter familiar e a súa división en quiñóns entre os descendentes dunha casa produciu a abundancia de pequenas terras de poucos ferrados.

O *Cocho do Río* (Comesaña) conta cun segundo elemento modificador que nos informa da súa proximidade ao río, neste caso o de Gonzas. En orixe, moitos dos cochos de Comesaña eran utilizados como horta, o que nos leva a pensar que o significado orixinal de cocho debeu ser ‘pequena horta’, algo tamén aplicable aos topónimos co substantivo cocho do concello de Baiona.

«un sexto de hortaliza (...) al sitio **do Río**» (1752, CME, Leigos, f. 425r)

«un tercio de ferrado (...) secano al sitio de **Viña do Cocho**» (1752, CME, Leigos, f. 457r)

«Pedro de Comesaña fundó una misa anual rezada (...) sobre el campo **viña do cocho**» (1799-1872, AHD, Libro de Colecturía, f. 27)

«Gonzalo Afonso da Pedra da Seyxa dos cochos que lleuan seys ferrados» (AHMV, Relazion, 1643, f. 2r)

► **Conde, A de**

■ Terras á entrada do lugar dos Liñares no barrio dos Cocheiros.

Procede do acusativo COMITEM (do latín COMES-COMITIS) ‘compañeiro’. É posible que aluda ao conde de Priegue, con propiedades en terras de Comesaña ou, con máis probabilidade, a algún individuo apelidado Conde polo emprego de A de Conde e non A do Conde.

► **Cortiña do Pazo, A**

■ Campos de labor do barrio da Ponte localizados fronte ao concesionario de Renault no polígono do Caramuxo. O *Camión*

das Cortiñas é un nome mal posto ao non existir ese nome como tal, senón como **O Camiño da Cortiña do Pazo ou da Xelina**.

En Fragoso, unha *cortiña* é unha horta, unha terra labradía próxima á casa. No dicionario defínese como ‘terra labradía cerrada sobre si e de pequenas dimensións’ (*Diccionario de diccionarios*). Eran terras nas cales se gastaba a maior parte do esterco que se tiña por botar nelas legumes e hortalizas. O uso local fala de cortiña cando se refire a unha terra de labradío dentro do lugar da casa ou próximo a el. Descoñecemos cal é o pazo ao que se refire este topónimo.

«un ferrado (...) secano al sitio de **Cortiña do Pazo**» (1752, CME, Leigos, f. 471v)

«un ferrado y medio (...) secano al sitio de **Cortiña do Pazo**» (1752, CME, Leigos, f. 548r)

«Blas Mallo trae la **Cortiña do Pazo** lleua seys ferrados» (AHMV, Relazion, 1643, f. 1v)

«... al sitio de Cortiña **do Pazo**» (1752, CME, Leigos, f. 568r)

► **Costa das Ánimas, Costa da Carballa, Costa da Berrega, Costa da Gabaneta, Costa da Fonte da Laxe, Costa da Presa**

A **Costa da Carballa** é unha pequena costiña que parte da estrada de Camposancos, ao pasar a gasolineira da Pedreira e dá acceso a unha casa situada no altiño da Carballa. A **costa da Berrega**, tamén na estrada de Camposancos, era o lugar onde aos bois lles custaba turrar do carro, por iso berregaban ao pasar o complexo industrial dos Pumariños (As Pereiras). A **Costa da Gabaneta** é a subida que dende Comesaña vai dar ata o barrio de Casás, e ten un ramal á dereita que vai dar tamén á **Costa da Fonte da Laxe**. A **Costa da Presa** está no barrio de Sanín ao pé das canteiras do lugar da Presa e do Centro Cultural Nautilus.

Do latín *COSTAM* o seu uso orográfico é metafórico. En latín era o costado (anatómico) dunha persoa ou dun animal. Segundo o *Diccionario da Real Academia Galega* costa é un ‘terreo en pendente, particularmente referido a un camiño ou outra vía’. Debido ao

característico relevo accidentado galego, se algo abunda na parroquia son as costas e os lombos. Todos os nomes recollidos co substantivo *costa* refírense a pendentes pronunciadas en camiños. O segundo elemento de todos eles é o nome do lugar ao que van dar como a **Costa das Ánimas** (O Romeu), a **Costa da Carballa** (A Pedreira) ou a **Costa da Fonte da Laxe** (Casás); ou mesmo por onde pasan, tal e como acontece na **Costa da Berrega** (O Romeu) ou a **Costa da Presa** (Sanín). Só un dos nomes recollidos cremos que pode ser o alcume dalgunha veciña que habitaba nesta subida ou o seu apelido: a **Costa da Gabaneta** (Casás).

«medio ferrado de monte (...) al sitio **da Costiña**» (1752, CME, Leigos, f. 418r)

► **Costán, A**

Terreos *a poulo* ás beiras da Gandra de Casás xa na ladeira que sobe cara á Aguieira.

A palabra *costán* úsase en terras de Baiona como sinónimo de lombo e designa unha pequena prominencia do terreo, como a que teñen estes campos. O adxectivo *costaneiro* aplícase igualmente a un terreo situado en costa ou en declive.

► **Costelas**

Costelas é o nome dunha serie de tomadas situadas á esquerda ao subir polo camiño Fondo que dende a costa da Gabaneta leva á Laxe en Casás.

O nome *Costelas* refírese á inclinación destes terreos. *Costelas* é, polo tanto, un derivado diminutivo de *costa*.

«tres quartas de deesa (...) al sitio de **Costelas**» (1752, CME, Leigos, f. 492r)

«un ferrado y quarta (...) secano al sitio de **Costelas**» (1752, CME, Leigos, f. 503r)

► Cova, A

O lugar de **A Cova** era o nome duns terreos do barrio da Ponte hoxe urbanizados.

Derivado do adxectivo *COVUS*, cando atopamos o topónimo *Cova* referíndose a terras este debe ser entendido como terreo nunha depresión ou vagoada.

«... con más sobre la dehesa de robles y castaños con su territorio que se dize la **coba da devesa** alinda con campo de Juan do Salgueyro» (1661, AHD, Convento de dominicas da Anunciada de Baiona, 16, carpeta 2, f. 2)

«... Don **Francisco** Figueroa y Losada (...) dixo que dentro de la granja que se dice **de la coba** sita en dha feligresía tiene el referido señor Conde dos leiras de heredad» (1763, AHUSC, Protocolos notariais de Domingo Carbia Hermida, D-407)

► Covelo, O

Canavais e viñas situadas debaixo da escola Párroco Don Camilo e que entestan polo norte coa estrada de Camposancos, fronte ás naves de Vitrasa.

Deriva do diminutivo *COVUS* co sufixo *-ELLUS*. É un nome que na toponimia se aplica a concavidades ou lugares situados nunha depresión ou *fondonada*.

«Juan Fernández da Pedreira (...) casa terreña al sitio de **Cubela**» (1752, CME, Leigos, f. 415r)

«terreno a labradío **Covelo** de 106 varas» (1916, AHMV, Libro de Amillaramento, Ramón García Alonso, f. 27v)

► Cristo do Outeiro, O

Cruceiro erixido sobre O Outeiro, que á súa vez lle dá nome ao lado da Escola Vella no barrio da Rodeira.

► Cruceiro do Adro, O

É o único cruceiro ao que se lle coñece popularmente como tal, pois os outros, xa citados, son coñecidos como Cristo. Localízase no interior do adro e, ao igual ca o do Pazo, foi trasladado da súa posición orixinal nos anos noventa.

O *Cruceiro do Adro*, segundo Fernández Fandiño (1985), de «buena labra», é un exemplar composto dunha base cúbica con bordos achafranados na cal aparece unha cartela cunha inscrición ilexible. Parte dela un fuste octogonal rematado nun capitel liso e con volutas angulares sobre o que se asenta a cruz en que aparece unicamente Cristo crucificado.

► Curandeiro, A do

Viñas no barrio de Comesaña, por detrás de Aramburu, ao lado da casa da Quica.

O topónimo deriva do oficio do seu posesor, curandeiro. Denominábanse así as persoas que practicaban tratamentos curativos empíricos e supersticiosos e que tanto abundaban nas nosas parroquias (*Dicionario de dicionarios*). Non aparece en documentos antigos, o que nos leva a pensar na súa modernidade e refírese ao curandeiro que había en Matamá ou en Freixo.

► Curucho da Agueira, O

■ O *Curucho* é a parte máis alta do monte da Agueira.

A 163 metros de altitude, **O Curucho da Agueira** é sen dúbida o punto máis alto de toda a parroquia. Igual ca en Marín e Chapela, en Comesaña úsase *curucho* para referirse ao ‘cume do monte, a parte máis alta’ (*Dicionario de dicionarios*), igual ca para nomear a parte máis alta dunha meda de palla ou cachopo. Aos seus pés esténdense os montes nos cales, dende 1860, Ramón Iglesias e José Benito Comesaña, como

debeu ser tal a súa importancia que mesmo lle deu nome á familia dos da Eira.

Do substantivo *AREAM*, refírese ao lugar en que se secaba ou se mallaba o cereal, espazo xa utilizado na época romana para ese fin. Mentres que a zona coñecida en Casás como *As Eiras*, ao pé de onde estivo en tempos a tenda do Cabra, debeu ser unha gran laxe de uso comunal para mallar, cando menos o pequeno conxunto de casas que alí había; *A Eira Vella*, situada no barrio da Ponte, era de uso particular. As eiras enlousadas tradicionais, como a da Ponte, eran normalmente de planta cuadrangular ou rectangular e aparecían moitas veces rodeadas cun muro de pouca altura, e a súa tarefa principal era a malla do trigo e do centeo. Ao longo do ano era un espazo usado para tender a roupa ao clareo, secar as fabas, cabazas ou froita en xeral, así como en terras de costa era o lugar no que se botaban as redes a secar.

«una quarta de ferrado (...) secano al sitio de **Eyra de Casás**» (1752, CME, Leigos, f. 570v)

► **Enxido, O**

Terras que estreman coa Zona Franca no barrio dos Cocheiros por detrás da casa do Pintos.

O topónimo *O Enxido* é unha variante do substantivo común galego *eixido*, evolución do latín *EXITUM*, derivado do verbo *EXIRE* 'saír'. Un *enxido* é o terreo máis achegado á casa dedicado tanto a horta coma a árbores froiteiras, que en ocasións estaba cercado.

«terreno a viña y cañaverl **Eixido pequeno** de 55 varas» (1916, AHMV, Libro de Amillaramento, Juan Comesaña López, f. 15v)

► **Ervillás, Os**

Á entrada da rúa de Citroën, pouco despois de pasar a rotonda da ponte do Lagares, é o lugar de **Os Ervillás**.

áspera e areosa da terra e a un 'terreo desigual, escabroso, pedregoso, escarpado, accidentado, fragoso e difícil de transitar por el' (*Diccionario de diccionarios*).

► **Folgada, A**

As terras que existiron entre a avenida da Florida e a mal chamada rúa da Ponte da Veiga, denomínanse **A Folgada**.

A *Folgada* é o nome dunha terra que debeu ser deixada nalgún momento a *poulo*, a monte, polo tanto deixada de cultivar e que folgou. Recóllese tamén o uso de *folgada* para referirse a un 'prado ou cercado onde se bota o gando a pastar libremente e a folgar' (*Diccionario de diccionarios*).

► **Fondón, O**

Labradíos desaparecidos pola construción da Zona Franca en 1956.

Derivado do latín *FUNDUM* 'fondo' refírese aos terreos situados nunha parte máis baixa respecto aos que o circundan.

«un ferrado y medio (...) al sitio de **Fondón**» (1752, CME, Leigos, f. 471r)

► **Fontes**

Do latín clásico *FONTEM* 'fonte, nacente de auga', non só se refire ao manancial de auga que nace da terra, senón tamén á construción realizada para o seu aproveitamento. A maioría dos nomes recollidos en que está presente o substantivo *fonte* refírense a construcións realizadas para poder ir a ela con caldeiros ou augadoiros e coller auga. O substantivo *fonte* acompáñase, nos topónimos recollidos, dun adxectivo ou doutro substantivo que fala do seu carácter e do lugar onde está localizada: a **Fonte da**

Laxe (Casás), a **Fonte da Paraguda** (a Fonte Santa), a **Fonte do Pazo** (1924), a **Fonte da Pedreira**, a **Fonte do Regueiro** (A Ponte) ou a **Fonte da Rodeira**.

► Fonte da Cal

Importante fonte que xunto co resto de minas subterráneas abastecían de auga todo o barrio de Rial. Aínda que hoxe tentemos buscar unha fonte no lugar, nada atoparemos máis ca o buraco que como recordo queda da mina de auga que a abastecía.

Esta fonte conta cunha mina de máis duns 200 metros de percorrido que presenta no seu interior un importante desnivel. Foi feita coa intención de deixar sen auga a que abastecía a casa da Berrega, localizada por riba desta en Redondos. Fronte ao que puidésemos pensar, o substantivo *cal* non se refire ao po soluble en auga usado para encalar as casas, senón que se refire ao propio cano co que debeu contar noutros tempos a fonte. Igual ca a dun muíño, a cal ou canle da fonte é o lugar polo que sae a auga, o picho ou bico. A *Fonte da Cal* era, polo tanto, unha ‘fonte de cano ou canle’.

► Fonte do Femio

A **Fonte do Femio** é o nome dunha pequena fonte, máis ben manancial, da que brota auga no barrio de Rial.

A existencia desta fonte no barrio de Rial témola documentada cando menos xa no século XVIII. Nun protocolo notarial de 1763 puidemos ler como Pedro Costas de Rial lle arrendou ao veciño de Panxón Juan Domingo Baltierra «el su campo y terreno labradío (...) a donde llaman fonte de Eufemia» por vinte ferrados de millo. Como vemos, o nome orixinal da fonte contiña o nome de muller Eufemia e precisa do *D* da preposición para producirse a alteración de *Fonte d’Oufemia* > *Fonte do Femia* > *Fonte do Femio*.

«un sexto de ferrado (...) secano al sitio de **fuelle do Femio**» (1752, CME, Leigos, f. 457v)

«un dozauo de ferrado (...) regadío al sitio da **fonte dos frades**» (1752, CME, Leigos, f. 590v)

«terreno a tojar **Fonte do Frade o Torre** de 54 varas» (1916, AHMV, Libro de Amillaramento, Juana Comesaña López, f. 14r)

► Fonte Santa

Boa mostra de como a importancia dunha fonte levou a denominar do mesmo xeito a todo barrio en que esta se enclava é a **Fonte Santa**.

Se algo se destaca de moitas fontes existentes en Galicia é o poder curativo e místico das súas augas. A *Fonte Santa*, situada no barrio do mesmo nome, non debía ter poderes ningún, polo menos ninguén os recorda, pero quizais noutro tempo se relacionase con ela algunha lenda ou curación. Sen ir moi lonxe, no concello de Baiona, no barrio de San Cosme de Baíña, existe outra Fonte Santa a onde as nais levaban a lavar os fillos e fillas na noite de San Xoán baixo a crenza de que as súas augas eran curativas, como se dicía das de Comesaña.

«un ferrado de monte (...) al sitio de **Fonte Santa**» (1752, CME, Leigos, f. 487v)

«un ferrado de monte (...) al sitio de **Fonte Santa**» (1752, CME, Leigos, f. 536r)

«... al sitio de **Fonte Santa**» (1752, CME, Leigos, f. 487v)

«... San Pedro de Matamá y **Fuente Santa**, poniente deesa de Su Magestad» (1752, CME, Leigos, f. 803v)

► Fontes, As

Se imos pola nova pista aberta dende a ponte do río de Gonzas cara a Rodeira, as primeiras terras tras pasar as casas do Rioboo e dos Rodríguez son **As Fontes**.

Se hai en toda a parroquia algunhas terras que estean boa parte do ano enchoupadas de auga esas son *As Fontes*. Derivado do latín *FONS*,

► **Gaiosas, As; Gaiosa, A**

Á sombra da ponte do cinto de circunvalación, á dereita do camiño de Casás, atópanse unhas das terras máis produtivas do barrio de Comesaña. **A Gaiosa** era o nome doutra leiriña situada no barrio de Sanín, hoxe dentro do lugar dos Reinaldos.

A orixe das Gaiosas non é outra ca o apelido Gaioso, hoxe aínda con algunha presenza na parroquia. A feminización deste apelido supuxo relacionar unhas mulleres pertencentes a esta familia con estas terras da súa propiedade. O apelido *Gaioso* procede do nome GAUDIUS, antropónimo latino que se formou a partir de GAUDIUM ‘gozo’. En todo o concello de Vigo documéntanse 185 persoas así apelidadas. Se nos fose imposible relacionar estas terras cun Gaioso, seguramente pensaríamos na alusión a un alcume, entendendo por *gaiosa* unha muller ‘alegre, xentil e gallarda’ (*Diccionario de dicionarios*).

«un ferrado (...) regadío al sitio de **Gaiosa**» (1752, CME, Leigos, f. 585r)

► **Gandra, A; Gandra de Baixo, A; Gandra de Tinallas, A; Gandra de Riba, A**

Terreos situados xa no alto de Casás, en zona de depresión e vagoada antes de comezar a subir cara á Aguieira. **A Gandra de Tinallas** é o nome duns terreos de labor hoxe desaparecidos co PAU de Navia.

A *Gándara* ou *Gandra*, como aquí se di, é unha palabra de orixe prelatina que designa terreos estériles ou non cultivables, ben pola mala constitución do terreo que adoita ser areento e pedregoso, ben por ser lugares moi húmidos. A *Gandra de Casás* presenta diferenciación segundo a súa altitude nos topónimos *A Gandra de Riba* e *A Gandra de Baixo*. En Portugal utilízase o termo para referirse ao ‘terreo areoso, pouco produtivo e estéril; terreo despoboado cuberto de plantas agrestes’ (*Diccionario de dicionarios*). Descoñecemos se no topónimo

Pode ser este topónimo unha variante popular de GORECHO, un hipocorístico de Gregorio moi común nos séculos XVII e XVIII e que nos indicaría quen era o seu propietario. *Grecho* ou *grecha* é tamén a persoa co pelo rizo ou retorcido, áspero ou alterado (*Diccionario de dicionarios*).

Este topónimo, de formación recente, provén do alcume dun topónimo que en orixe debía ser *A do Grecho*, é dicir, unha persoa co pelo rizado ou retorcido, áspero, irritado ou alterado (*Diccionario de dicionarios*).

► **Guimareo, O**

■ Terras desaparecidas coas últimas expropiacións da Zona Franca.

Do xenitivo do nome persoal medieval WIMAREDUS ou GUIMAREDUS, de orixe xermánica, provén o noso Guimareo, así como o nome doutras moitas poboacións galegas chamadas Guimarei.

«un ferrado (...) secano al sitio de **Guimareo**» (1752, CME, Leigos, f. 415v)

«tres quartas de ferrado (...) secano al sitio de **Guimareo**» (1752, CME, Leigos, f. 511r)

«terreno a labradío **Guimarey** de 100 varas» (1916, AHMV, Libro de Amillaramento, Juana Comesaña López, f. 14v)

► **Herdadeira, A**

■ **A Herdadeira** sitúase no barrio do Pazo e linda coa estrada e co río Lagares, próxima á antiga Casa da Inquisición.

A Herdadeira é, probablemente, un topónimo composto de *herdade* ‘propiedade rural pertencente a un só dono, composta pola casa, terras e gando’ e *eira* como ‘sitio chan próximo á casa’ (*Diccionario da Real Academia Galega*). Unha vez de aplicado a alcume de propietario ou proprietaria, referiríase á ‘persoa que herda ou vai herdar’.

«una quarta de caadura de parra (...) al sitio de **Herdadeira**» (1752, CME, Leigos, f. 459v)

► **Horta, A**

Terra labradía en Comesaña ás beiras do río de Gonzas tamén denominada *A Maceira*.

A *Horta* de Comesaña, igual ca calquera das que hai dentro dos lugares da parroquia, son terreos xeralmente de regadío en que se botaban cultivos tan presentes na alimentación diaria dunha familia como ervellas, verzas, tomates, repolos, cebolas, feixóns verdes, cenorias etc. A súa orixe está no latín HORTUM 'propiedade cerrada'.

► **Igrexa, A**

Ademais de referirse ao edificio relixioso é a denominación de todo o barrio situado na súa contorna.

Do latín ECCLESIA 'assemblea dos cristiáns' pasou rapidamente a nomear o lugar onde se celebra o culto e se venera o Santísimo. **A Igrexa** é o nome do barrio localizado nos arredores do templo parroquial. Sobre un templo probablemente románico, a actual igrexa comezouse a construír no século XIX, unha vez que en 1848 se manda derribar a vella.

«**la casa y lugar de la Yglesia** en donde avitaba aquel» [Benito Fernández] (1839, AHMV, Poxa de bens secuestrados aos prófugos do distrito, BOU/24, f. 2v)

«Joseph Rodríguez (...) casa terreña al sitio de la **Yglesia**» (1752, CME, Leigos, f. 442r)

«Jacinta Salgueiro (...) casa terreña al lugar de la **Yglesia**» (1752, CME, Leigos, f. 500r)

«Joseph Núñez de Vigo (...) casa terreña al sitio de la **Yglesia**» (1752, CME, Leigos, f. 552r)

«Magdanela de Zúñiga (...) casa de un alto al lugar de la **Yglesia**» (1752, CME, Leigos, f. 609r)

► **Lameira, A**

Terras propiedade do Cuco, de aí que tamén algunha xente lles chame *Campo do Cuco* e que na actualidade son aparcadoiro e área de lecer da parroquia, logo de que as mercase a comunidade de montes, detrás da Sociedade Nautilus.

Son campos e camiño situados en Rial ao seu paso por diante da Fonte da Cal, lugar onde abundaba a auga.

En moitas áreas de Galicia unha *lameira* é un sitio onde hai lama, pero en Ourense e no sur de Lugo pode significar simplemente un terreo a herba que ten humidade todo o ano, e funciona como sinónimo de *prado*. Na Lameira de Rial enterrábanse os carros, na de Sanín dábanse ata as ras.

«La heredad da **Lameyra**» (AHMV, Memorial, 1772, f. 5r)

► **Lamelas, As**

Terras máis altas que hoxe ocupa o PAU de Navia, xusto por debaixo do colexio Amor de Dios.

Nome procedente de *lama* e o sufixo diminutivo *-elas*. Entre os da parroquia fálase dun lugar onde se estancaba a lama.

► **Lapas, As**

Tomadas na estrema con Coruxo.

Úsase tamén en castelán e a palabra *lapa* designa a ‘rocha que sobresaie cubrindo un lugar’, común co portugués. Algunhas tobas ou ‘buraco que fan debaixo da terra certos animais para viviren ou refuxiárense nel’ (*Diccionario da Real Academia Galega*) coñécense tamén como *lapas*.

«tres quartas de monte segunda calidad al sitio **da Lapa**» (1752, CME, Leigos, f. 504r)

► **Liñares, Os; Liñares do Tiquitoque, Os**

Lugar do barrio dos Cocheiros que estrema cos terreos da Zona Franca. Parte da zona dos Liñares que non foi arrasada pola construción citada é coñecida por moitas persoas como **Os Liñares do Tiquitoque** por ter aquí terreos este veciño da Ponte.

Un *liñar* é un terreo dedicado ao cultivo do liño sobre todo da variedade chamada liño manso, *Linus usitatissimum* (*Diccionario de dictionarios*). Tiñan que ser terreos moi fértiles os que alá pola primavera, a fins de maio ou comezos de xuño (*descanda* os feixóns), ían acoller a plantación de liño. O proceso era longo e custoso como o da la, pero ambos os traballos supuñan ter a materia prima para elaborar a roupa dos membros dunha familia.

Debeu haber unha produción importante desta planta téxtil cando xa Pascual Madoz en 1847, ao falar da industria existente na parroquia, dicía que «además de la agricultura y la ganadería, cuentan varios telares de lienzos ordinarios...». En 1804, Lucas Labradas na súa *Descripción económica del Reino de Galicia* xa indicaba que, en Vigo, «las mujeres del pueblo y aldeas inmediatas se dedican a hilar, calcetar y tejer en los ratos que se lo permiten sus ocupaciones domésticas o las del campo».

«Jacinto Sánchez paga trece quartos por **Liñares** y por **el Eydo**» (1697-1932, AHD, Libro de Fábrica 2, f. 11v)

«tres quartas de ferrado (...) secano al sitio de **Linares**» (1752, CME, Leigos, f. 517v)

«siete ferrados (...) secano al sitio de **Linares**» (1752, CME, Leigos, f. 457r)

► **Maceira, A**

Terra á beira do río de Gonzas, no camiño novo que abriron coa circunvalación e que vai de Comesaña á Rodeira.

Esta árbore froiteira, unha das máis cultivadas nas nosas hortas pese á súa abundancia, foi tamén en ocasións usada para denominar algunhas



polas persoas máis vellas. O substantivo *mina* aparece en topónimos como **A Mina** (A Pedra Branca), a **Mina da Berrega** (Rial), a **Mina da Fonte da Cal** (Rial), a **Mina da Laxe** (Casás), a **Mina da Paraguda** (A Fonte Santa), a **Mina da Pedra Branca**, a **Mina da Pedreira**, a **Mina das Pereiras** (da que as crianzas embotellaban auga que logo ían vender aos areais de Samil), a **Mina do Barbas** (particular, Rial), a **Mina do Cagallón** (Sanín), a **Mina do Cancelo** (Os Cocheiros) e a **Mina do Sancho** (A Pedreira). A maioría dos seus nomes refírense ben ao lugar en que están escavadas, ben ao seu propietario ou propietaria. A *Mina da Pedra Branca* conta a lenda que foi feita polos romanos para ter auga onde vivían, por iso ía dende o barrio da Pedra Branca ata o pé do monte do Castro.

► Monte da Mina, O

Tomadas existentes por debaixo do barrio da Pedra Branca que se perderon coa construción da autovía de circunvalación de Vigo.

A palabra procedente do latín *MONTEM* 'monte' aplícase na parroquia ás 'terras incultas cubertas de árbores, arbustos ou matas' (*Diccionario de dicionarios*). Moitas delas eran e son de explotación comunal, outras simplemente son terras gañadas noutro tempo ao monte que son hoxe tomadas de particulares cun uso forestal e sen cultivar. Un exemplo: en 1903 o enxeñeiro forestal inicia un expediente para multar os veciños e veciñas de Comesaña Juan Costas Fernández, Florentina Casal, Francisco Iglesias Alonso, Antonio Costas Fernández e José Ramón García Comesaña por acoutar terreos nos montes comunais da Pedra Branca, O Castro e Baños.

Este monte tomou o seu nome pola proximidade dunha mina de auga seca que no século pasado os rapaces do lugar de Comesaña usaba para xogar ás guerras cos de Casás.

► Monte do Crego, O; Monte da Pachina, O

A parte alta de **O Monte do Crego** foi arrasada coa construción do cinto da circunvalación, polo que só existe a parte baixa que vai

► Muíños

Muíños, ademais de ser o nome dun dos barrios á beira do río Lagares, é tamén cada unha das construcións destinadas á moenda do cereal.

Do latín *MOLINUM*, o muíño é cada un dos edificios que ás beiras de ríos e regatos aproveitan a forza motriz da auga ou do vento (**Muíño da Torre de Navia**) para moer cereais –trigo, centeo ou millo– e convertelos en fariña. O barrio de Muíños, castelanizado como *Molinos* cando se instalou un dos apeadoiros do tranvía que ía de Vigo a Baiona (véxase *Apeadeiro de Muíños*), puido deber o seu nome aos muíños das Salinas localizados na casa da Corroña. Descoñecemos a existencia no lugar de ningún outro muíño.

«ocho ferrados labradío secano, primera calidad, al sitio **dos Muíños**» (Libro do Maior Facendado, libro 273, f. 3928, rolo 196 B, AHU)

Dous son os tipos fundamentais de muíños atopados na parroquia, os máis deles son de cubo, recipiente onde se acumula a auga para aproveitar mellor a súa caída. Un deles é de cal, o **Muíño Novo**, que presenta un conduto de pedra polo que discorre a auga. En ambos, a auga acciona coa súa forza o rodicio que fai xirar a vara que, apoiada sobre o arrieiro, move a *mó* que tritura o gran contra unha pedra fixa, o pé. Foron fitos na paisaxe que en ocasións non só deron nome á propia construción, senón tamén á contorna que os rodeaba. Os topónimos nos cales aparece o substantivo *muíño* son compostos e teñen un segundo elemento que adoita referirse ao lugar en que están, como acontece co **Muíño da Agueira ou da Laxe**; ás súas características, **Muíño Novo**; ou a un antigo propietario, **Muíño de Sandrigo** e **Muíño de Bras**.

O Catastro de Ensenada fixo un relato dos «molinos arineros» existentes en 1753 na parroquia e catalogou quince muíños negreiros, isto é, dedicados a moer gran de centeo, orxo ou cebada, millo miúdo e millo americano.

(... el uno arruinado **sitio en la Rodeira** propio de Gregorio Rodriguez y los catorce de una rueda muelen con agua de presa, ocho meses del año...)

... pertenecen dos a Joseph Garcia, uno **sitio en la Agueira**, y el otro **en San Drigo**...

● ● ● ● ● ● ● ● ● ● Topónimos

... uno a Juan de Comesaña en el **lugar da Gandra...**

... outro a Blas Pérez en el **sittio da Figueira...**

... outro a Francisco de Comesaña vecino de Valladares **en dicho sitio...**

... tres a Sevastian de Comesaña, los **dos en el sitio de Souto novo**, y el **otro en el de Figueiras...**

... uno a Gregorio Pérez en **dicho sitio...**

... dos a don Bernardino Pereira, vezino de Revoreda, sitios en el **lugar de Granxeria...**

... dos a Jazinto Sanchez en el **sitio de Sanín...**

... uno a don Juan Antonio del Castillo en el **lugar da Veiga...**

(Arquivo Histórico de Simancas, CME, Interrogatorio Xeral)

A día de hoxe existen máis muíños ca no século XVIII, algúns deles sobre as antigas estruturas destes e outros feitos novos. Co trazado da circunvalación houbo que trasladar o Muíño do Crego, que foi reconstruído no sitio no cal probablemente xa estivese o muíño arruinado da Rodeira que cita o Catastro. A pésima reconstrución fai que sexa imposible ver como era o funcionamento deste imponente muíño que funcionaba grazas a un cubo a xeito de gran cheminea pola que entraba a auga que era conducida ata aquí por longas canles de pedra.

A relación dos actuais é:

- **Río do Croque-río de Rial:** Muíño da Aguieira, Muíño do Topete, Muíño da Laxe, Muíño Novo, Muíño de Bras, Muíño da Regueira, Muíños do Souto Novo, Muíño do Grilo e Muíño do Pontillón ou de Sandrigo.
- **Río do Granxeo:** Muíño do Lourenzo
- **Río de Sanín e regueiro das Torres:** Muíño do Purgatorio ou do Raposo, Muíño da Presa, Muíño das Torres, Muíño do Crego e Muíños da Rodeira (Muíño da Fonte e Muíño de Abaixo).
- **Río Lagares:** os Muíños das Salinas
- **Eléctrico:** Muíño do Indalecio

► Muradas, As; Muradas de Baixo, As; Muradas de Riba, As

As **Muradas** é o nome dunhas terras cercadas ao pé do Cristo do Outeiro na Rodeira.

Topónimo procedente do participio de *murar* (do latín *MURARE* ‘cercar con muro’). Alude á presenza dunha construción vertical de pedras, terróns ou outros materiais levantada para cercar un espazo. **As Muradas**, entre os barrios da Rodeira e das Nogueiras, trátase dun conxunto de terras de labradío cerradas cun gran muro pétreo arredor que presenta encastradas algunhas das cruces do viacrucis da parroquia. Os outros nomes que presentan a palabra *murada* son **As Muradas de Baixo** e **As Muradas de Riba**, dous topónimos que denotan a posición de inferioridade e de superioridade respectivamente da outra.

«terreno a tojar con pinos **Mato da Murada** de 24 varas» (1916, AHMV, Libro de Amillamento, Antonio Comesaña Vila, f. 2)

► Néboa, A

■ **A Néboa** é o topónimo dunhas terras no camiño do Topete en Casás, que estremen coa casa do Lapatoro.

O actual topónimo *A Néboa* aventurámonos a hipotetizar que poida proceder da deturpación dun *néboda* orixinal, planta aromática e medicinal cun cheiro moi parecido ao poexo e á hortelá usada para botárllela ás castañas cando se fan cocidas, entre outros usos. Procedente do latín *NEPETA*, é posible que este toponónimo nos fale dun terreo en que abundaba a planta. De non ser así, e cun significado transparente, estaríamos ante unhas terras cubertas de néboa en certos períodos do ano quizais pola súa altitude ou a súa depresión.

► Nogueiras, As; Nogueira, A

■ **As Nogueiras** é un dos barrios de Comesaña, localizado antes de chegar á igrexa parroquial e onde se atopaba a antiga escola unitaria da parroquia. **A Nogueira**, en singular, é o nome dunhas terras no camiño que vai de Rial cara a Casás.

Procede do latín vulgar *NUCARIA*, que á súa vez deriva de *NUX*, *NUCIS* ‘noz’. Debeu ser noutros tempos un lugar poboado de nogueiras, árbores que producen as noces e das cales aínda existe algún exemplar

Aínda que convive a pronuncia das Oleiras e das Soleiras, é posiblemente o primeiro topónimo o orixinal. En 1912 decídese construír sobre o lugar das Oleiras un cemiterio que solucionase os problemas de espazo do adro onde, ata daquela, se soterraban os defuntos da parroquia. A xunta, encabezada polo cura don Severino Martínez Martínez, mercaría os terreos, segundo a escritura do 10 de marzo de 1912. En decembro dese ano asinaríase o contrato de adjudicación das primeiras obras ao contratista Apolinar Gesteira, veciño de Comesaña. Panteóns polo arredor e sepulturas en terra coa parte correspondente aos pobres de solemnidade, o camposanto tivo o seu primeiro enterro en 1915. Un primeiro regulamento saíría do prelo na imprenta de Julio Alonso (Tres Portiñas, 51) en novembro de 1926, aprobado na sesión plenaria do concello, o 25 de novembro de 1925.

«más se le hace cargo de cinco reales y ocho maravedís que anualmente paga (...) don Joseph Núñez vezino de Santiago de Bigo por el cargo **de las oleiras**» (1697-1932, AHD, Libro de Fábrica 2, f. 53v)

«se le hace cargo de cinco reales y ocho maravedís que paga don Joseph Núñez de Vigo por el **campo das Oleiras**» (1697-1932, AHD, Libro de Fábrica 2, f. 60v)

«... ferrado y medio (...) secano al sitio **das Oleiras**» (1752, CME, Leigos, f. 416r)

«onze ferrados (...) secano al sitio **das Oleiras**» (1752, CME, Leigos, f. 552v)

«tres quartas de ferrado (...) secano al sitio **de Oleiras**» (1752, CME, Leigos, f. 783r)

► **Olmos, Os; Olmos Grandes do Pazo, Os**

Os Olmos estaban situados na entrada da Florida, en fronte de onde estivo a fábrica de forxas Hierros Arteta. **Os Olmos Grandes do Pazo** estiveron ata que foron cortados xunto á fonte do Pazo, no lugar do mesmo nome, e onde hoxe se localiza unha industria de pinturas, no cruzamento que vai cara ao barrio de Muños.

Foi bautizado así pola presenza de grandes olmos (do latín ULMU) neste lado do río Sárdoma, xusto por riba da ponte da Señoriña. Estas



certa importancia. A orixe do nome deste barrio debemos busca-la na existencia no lugar dunha gran casa coñecida popularmente como *A Casa da Inquisición* ou *Pazo da Inquisición*. O edificio, do que son escasos os restos conservados, estivo en pé ata non hai moitos anos. É posible que se corresponda coa casa arruinada, lagar e casa terreña da que era propietario en 1752 o maior facendado da parroquia de Comesaña, don Bernardino Pereira e Prego de Montaos, señor de Reboreda.

Puxéronlle este nome popular por existir a lenda de que na vivenda padecía crueis castigos quen practicaba a bruxaría e renegaba de Deus. A antigüidade do nome é clara se temos en conta que o Tribunal do Santo Oficio da Inquisición foi instaurado polos Reis Católicos en 1478 e que se mantivo en funcionamento en toda España ata o século XIX. Entre as torturas practicadas que algúns veciños ou veciñas escoitaron dos seus maiores, e mesturan coa lenda, atópase a pingueira, método consistente en deixar caer unha pinga de auga sobre a cabeza do reo que lle provocaba a loucura ademais de furarlle o óso do cranio pouco a pouco; así como o poldro. Este último castigo facíase grazas a un potro de madeira onde a vítima era atada de pés e de mans aos extremos e ía sendo estirada lentamente ata provocarlle a dislocación dos ósos.

O domingo 24 de xuño de 1900, ás catro da tarde na casa de don Manuel Fernández López, segundo un aviso da comisión organizadora representada por José Ermida, houbo no Pazo «reunión pública de agricultores con obxecto de tratar de organizarse al igual de outras parroquias». ¹³

Este pazo deixou múltiples pegadas na toponimia da zona como vemos nas **Tomadas do Pazo**, **O Pazo de Fóra**, **o Campo do Pazo**, **a Fonte do Pazo**, **o Río do Pazo**, **O Cristo do Pazo** e incluso nas terras do barrio da Ponte chamadas **A Cortiña do Pazo**.

► **Pedra Branca, A**

Os nomes expostos a continuación teñen en común a voz procedente do latín PETRAM 'pedra', posto que se refiren todos eles

¹³ Arquivo Histórico Municipal de Vigo (AHMV), BOU/23. 1900, xuño, 23. Bouzas.

► **Pedra Encantada, A**

É un outeiro que domina os terreos situados por riba do Lavadouro da Gandra en Casás, pegado ao lugar da Pachina.

A tradición local explica que este outeiro foi chamado *A Pedra Encantada* por ser un dos únicos afloramentos graníticos da parroquia que foi quen de sobrevivir ao traballo dos canteiros. Moitos deles deixaron os seus guillos alí marcados, pero ningún deles a conseguiu fender. Este fenómeno provocou que se comezase a dicir que a pedra estaba encantada e que era imposible desfácela por culpa do encantamento.

► **Pedra Furada, A**

Tomadas existentes ao pasar os campos do Femio, no barrio de Rial, xa no camiño que vai para o monte do Gato e as tomadas dos Pozos.

Foi a existencia no lugar dunha pedra con cavidades, producidas seguramente pola erosión, a que lles deu nome a estas tomadas que xa lindan con Coruxo. *Furada*, participio de *furar*, provén do latín *FORARE* ‘perforar’.

«terreno a tojar **Pedra furada** de 82 varas» (1916, AHMV, Libro de Amillaramento, Rosa García Alonso, f. 27v)

«un ferrado de monte de primera al sitio de **Pedra Furada**, cerrado» (Libro do Maior Facendado, libro 273, f. 3928, rolo 196 B, AHU)

► **Pedreira, A**

A Pedreira é o nome dun dos barrios de Comesaña en que aínda se pode ver a abundancia de pedra simplemente con ir pola estrada e ver a profundidade que tivo que ser trazada, desfácendo boa parte dos afloramentos rochosos.

► Peixiña, A

Tomadas baixo As Andianas, contra o monte, na parte traseira do actual Centro Recreativo Nautilus.

Como acontecía co topónimo A Simona, probablemente tamén un adxectivo formado a partir do sobrenome do propietario ou propietaria deu lugar á Peixiña, que a de ser 'a de' alguén alcumado *Peixiño* ou *O Peixiño*. O mesmo acontece para as terras desaparecidas coa construción da Zona Franca, coñecidas como *A Xurela*. Para este caso sabemos que a casa matriz da Xurela está no barrio de Rial.

«un ferrado de monte (...) al sitio da **Fonte Peichiña**» (1752, CME, Leigos, f. 459r-459v)

«medio ferrado (...) al sitio de **Fonte Peichiña**» (1752, CME, Leigos, f. 787v)

► Pelaio, Os

Pelaio é nome castelán ou forma castelanizada do nome galego *Paio* (do latín PELAGIU), moi usado na diocese tudense de onde era orixinario o santo que viviu entre o 911 e 925 e cuxa casa natal estaba, segundo a tradición, na contorna da Ramallosa (Nigrán). De toda a diocese, tan só cinco parroquias o tiñan por patrón, un 1,7 % (González Reboredo, 2012: 68).

«un ferrado (...) regadío al sitio de **Pelaio**» (1752, CME, Leigos, f. 556r) (Silvestre López)

«Silvestre López (...) casa terreña al sitio de **Pelaio**» (1752, CME, Leigos, f. 773r)

«otro que llaman da Lagoa de Palayo» (AHMV, Memorial do Morgado de Pazos, 1643, f. 8r)

► Pelargueiro, O

Terras á esquerda do camiño dos Loureiros, fronte á casa do Pelates, no barrio da Igrexa.

O topónimo *O Pelargueiro*, documentado no século XVIII como *Peralgueiro*, podería tratarse dun nome propio. Entendemos *Pero* como nome medieval variante de Pedro, do cal sae o apelido patronímico *Pérez*. E *Algueiro* como sobrenome ou apelido cun uso antroponímico, xa que o Padre Sarmiento o recollía como sinónimo de *embuste* ou *mentira* (*Diccionario de diccionarios*).

«un ferrado (...) secano al sitio de **Peralgueiro**» (1752, CME, Leigos, f. 416v)

«Joseph Fernández (...) casa terreña al lugar de **Peralgueiro**» (1752, CME, Leigos, f. 433v)

«Jacinto Alonso (...) casa terreña al lugar de **Peralgueiro**» (1752, CME, Leigos, f. 449r)

► **Penedo Furado, O; Penedo, O**

O Penedo é o bolo granítico que domina as terras do lugar da Pedreira por detrás da casa das Sinxelas, hoxe incrustado no muro dunha vivenda de nova construción. **O Penedo Furado** está preto do barrio da Fonte Santa, dentro das Tomadas Novas.

Entre as persoas nativas da parroquia úsase o substantivo *penedo* para referirse ás rochas máis redondeadas, mentres que usan *outeiro* e *pedra* para as de formas máis accidentadas. *O Penedo Furado* da Fonte Santa é un penedo cheo de formas de alteración chamadas *cacheiras* ou *cacholas*, cavidades producidas pola erosión.

► **Pereiras, As; Pereiriña, A; Pereiro, O**

As Pereiras é un dos barrios de Comesaña. **O Pereiro** é o nome dun dos campos que compoñen o Rial de Mato, mentres que en terras da actual Zona Franca estaba **A Pereiriña**.

Son resultados do latín *PIRARIA* ‘pereira’, árbore froiteira que dá as peras (do latín *PIRA*). A abundancia no barrio homónimo de pereiras bravas debeu ser o motivo do seu nome ou quizais a abundancia de

pedra, porque algúns dos topónimos *Pereira* son resultado dun antigo PETRARIA ‘pedreira’, logo de perder o *-d-*. É aplicable tamén isto ao masculino *Pereiro*, de PIRARIUM OU PETRARIUM, así como ao diminutivo de pereira *A Pereiriña*.

«dos reales y catorce maravedís que pagan Blas Pérez y consortes por el **cocho do Pereiro**» (1697-1932, AHD, Libro de Fábrica 2, f. 52v)

«María de la Yglesia de Coruxo (...) casa terreña al sitio de **Pereiras**» (1752, CME, Leigos, f. 683r)

«tres quartas de ferrado (...) secano al sitio de **Pereiriña**» (1752, CME, Leigos, f. 517r)

«Antonio de Comesaña y consortes tienen la obligación de pagar anualmente la limosna de una misa resada que la fundó Domingo Pérez sobre la **viña das Pereyras**» (1799-1872, AHD, Libro de Colecturía, f. 11v)

«dos pedazos de tierra y heredad en el sitio **da Pereyriña**» (AHMV, Memorial, 1772, f. 5r)

► Pérez, A de

■ Xunto a unha Gaiosa, aparece en Sanín **A de Pérez**.

Estas terras teñen como denominación un apelido que seguramente pertence ao seu antigo propietario. *Pérez* é un apelido patronímico correspondente ao nome de Pero (Pedro) e en orixe significou ‘fillo/a de Pedro’. É un dos apelidos máis comúns en Galicia.

► Pichorro, O

■ **O Pichorro** é o nome das terras situadas por riba dos campos da Gatallada.

Segundo algúns dicionarios, un *pichorro* é unha ‘espiga de millo recentemente formada’ (*Diccionario de dictionarios*), aínda sen cumprir e con leite. Descoñecemos se a orixe deste nome se pode relacionar con este significado e refírese, polo tanto, a campos onde se cultivaba

Procede do latín *PUTEUM* ‘pozo ou fochanca’. Os nomes recollidos refírense tanto á ‘escavación fonda e estreita que se fai no chan para atopar auga e que serve tamén de depósito para a mesma’, a maioría de carácter particular, coma aos sitios profundos no río (*Diccionario de dicionarios*). Co sufixo *-iño*, o presente topónimo é forma diminutiva.

«dos ferrados (...) secano al sitio de **Poçoño**» (1752, CME, Leigos, f. 734v)

► Poldres

Poldres é o nome das terras que había da outra parte do Lagares fronte ás Ceñas, hoxe desaparecidas pola construción da Zona Franca.

Denominábanse poldras (do latín *PULLITRAS*, feminino plural de *PULLITRU* ‘poldro’) as pedras que tiradas separadas no leito dun río servían para cruzalo dando saltos dunha a outra. Debeu ser a existencia neste lugar do Lagares dun paso destas características o que deu lugar á aparición deste Poldres, evolución dun orixinal Poldras.

► Pombal, O

Ben patrimonial catologado no barrio do Tombo, único na parroquia.

Do latín *PALUMBAM*, a pomba é unha ave abundante na parroquia. Un pombal ou *palomar* (castelanismo) é a ‘construción en que se recollen ou crían estas aves’. Non tiveron testemuño aquí da súa venda como na parroquia gondomareña de Donas onde algunhas das casas criaban pombas e logo levaban os seus pichóns a vender ao mercado de Bouzas. Igual ca a veciña parroquia de Coruxo, Comesaña conta cun pombal de planta circular feito con muro de cachotaría, dentro do lugar da Chaplota no barrio da Igrexa.

«vn pedazo de viña al sitio de Puente de Sárdoma» (AHMV, Memorial, 1772, f. 6v)

«Joseph Antonio Alonso (...) casa terreña al sitio **da Ponte de Auajo**» (1752, CME, Leigos, f. 437r)

«Jacinto Alonso (...) casa terreña al lugar **da Ponte**» (1752, CME, Leigos, f. 449r)

«Juan González (...) casa terreña al lugar **da Ponte**» (1752, CME, Leigos, f. 508r)

«un ferrado (...) secano al sitio **da Ponte**» (1752, CME, Leigos, f. 556v)

«María Fernández (...) casa terreña al lugar **da Ponte**» (1752, CME, Leigos, f. 595r)

«María Riveiro (...) casa terreña al sitio **da Ponte**» (1752, CME, Leigos, f. 613r)

«María da Cruz (...) casa terreña al lugar **da Ponte**» (1752, CME, Leigos, f. 636r)

► **Pontillón, O**

Ponte que unía o barrio de Rial coas terras situadas á outra beira do río de Rial: O Couso, As Gordoias, O Sandrigo, A Seca, e como non, a única casa existente na zona, a casa do Jachías.

Un *pontellón* é unha pequena ponte, palabra despectiva de pontella. Os pontellóns adoitaban ser pequenas pontes feitas dunha ou de dúas grandes pedras atravesadas dunha marxe a outra dun río para cruzalo.

«un ferrado (...) secano al sitio de **Puntillón**» (1752, CME, Leigos, f. 520v)

► **Poulo, O; Lugar do Poulo, O**

O Poulo é o nome que se usa tamén para referirse ás Tomadas Vellas, que xa estreman con Freixo por detrás da Aguieira. **O Lugar do Poulo** hoxe xa non existe como tal pero ocupaba terras do actual PAU de Navia.

«terreno a labradío y viña **Ravisacal** de 373 varas» (1916, AHMV, Libro de Amillaramento, f. 15)

► Rapadouro, O

Coa terminación *-douro* propia do galego suroccidental e do portugués, o Nomenclátor de Galicia recolle co topónimo *O Rapadouro* dúas entidades de poboación, unha en Mañufe (Gondomar) e outra en Paramos (Tui). Formado a partir de *rapar* co sufixo *-ouro* (do latín-ORIU), un *rapadouro*, alén de ser o 'lugar onde se rapa', tense vinculado co monte baixo poboado de xesta, carrasca ou toxo aproveitado para estrar as cortes (Navaza, 2011: 180). A variante feminina recollémola na parroquia de Baíña (Baiona): *A Rapadura*.

«medio ferrado (...) secano al sitio **do Rapadouro**» (1752, CME, Leigos, f. 420v)

«la heredad **do Rapadouro**» (AHMV, Memorial, 1772, f. 6v)

► Raposo, O

O Raposo é o nome das tomadas que hai por riba do barrio de Sanín e que estreman case coa autovía da circunvalación.

O raposo, animal temido polos nosos paisanos e paisanas debido aos seus ataques nocturnos nos galiñeiros, é posible que lle dese nome a esta parte do monte de Sanín, aínda que penso que debe referirse máis ao apelido do seu antigo propietario. Sería, polo tanto, un nome evolucionado de *a (tomada) do Raposo* e que acabou por converterse na simple referencia ao animal hoxe conservada.

«cuatro ferrados de monte (...) al sitio de **Raposo**» (1752, CME, Leigos, f. 487v)

alteración na fala e na documentación en *O Real*. É evidencia clara que o orixinal nome deste barrio levaba artigo masculino: *O Rial*.

«una quarta de ferrado (...) secano al sitio de **Real do Mato**» (1752, CME, Leigos, f. 420v)

«Juan Vieitez (...) casa terreña al lugar de **Rial**» (1752, CME, Leigos, f. 457r)

«un ferrado (...) secano al sitio de **Campo de Rial**» (1752, CME, Leigos, f. 457v)

«un dozauo de caadura de parra (...) al sitio de **Real Pequeno**» (1752, CME, Leigos, f. 474v)

«medio ferrado (...) secano al sitio de **Lajes de Rial**» (1752, CME, Leigos, f. 502r)

«los herederos de Andrea Carballal tienen la obligación de pagar anualmente la limosna de una misa impuesta sobre el **lugar del Rial**» (1799-1872, AHD, Libro de Colecturía, f. 12)

«Matheo Alonso fundó una misa anual rezada (...) sobre el **cocho de Rial**» (1799-1872, AHD, Libro de Colecturía, f. 26v)

«dos pedazos de tierra a labradío al sitio de **Rial**» (AHMV, Memorial, 1772, f. 5v)

► **Río da Táboa, O; Río de Rial, O; Río de Sanín, O; Río do Pazo, O**


Do latín *RIVUS* ‘rego, canle’, o substantivo *río* úsase para falar, fronte a *rego*, dun ‘curso natural e permanente de auga doce, que flúe por un leito e que desemboca no mar, nun lago ou noutro río’ (*Diccionario da Real Academia Galega*). *Río* aparece normalmente determinado por un adxectivo cualificativo, encargado de destacar unha das súas propiedades individuais, ou por un elemento preposicional responsable de engadir unha información locativa. Non é raro atopar o xenérico río como nome de lugar ou barrio tal como acontece na veciña parroquia de Coruxo.

«un octauo de ferrado (...) regadío al sitio de **Río de Sanín**» (1752, CME, Leigos, f. 603v)

Entre as distintas pronunciacións deste topónimo óese a algúns veciños e veciñas falar do *Río de Regonzas*, nome composto dos mesmos elementos ca *Río de Gonzas*, pero alterado ao se unir os dous termos, algo moi común ao quedar o substantivo *río* en posición átona. A atestación presentada do Catastro de Ensenada como *Gonzalbrez* fai pensar que neste caso GONZA non se tratase do nome altomedieval (de raíz xermánica GUNT-, GUND-), senón dunha forma hipocorística medieval de GONÇALO (de idéntica raíz) mentres que o segundo elemento, Gonzalbrez, só pode provir do patronímico Álvarez. Outórgalle isto unha datación posterior ao ano 1000. O verosímil é que primeiro fose *Gonzalv(a)rez*, despois *Gonza* e finalmente *Gonzas*. Esta pluralización, resultado evolutivo do nome citado, é posible que se referise orixinariamente a terras que bañase este río e que se chamaban así por ser aquel o seu propietario. Acontece algo moi semellante entre Beade e Bembrive co río Eifonso, que pasou a ter o topónimo das terras que molla.

«Don Pedro Jacinto Cadaval de San Félix de Nigrán (...) cinco ferrados (...) secano al sitio de **río de Gonzalbrez**» (1752, CME, Leigos, f. 729r)

No libro 3º da colexiata de Baiona aparece en documentos de Comesaña no século XVII un Gonçalo Alvarez Ferragudo:



► **Río Verde, O**

■ **O Río Verde** é o nome do río ao seu paso polo barrio do Pazo, preto da Insuíña.

As algas e o verdello do fondo do río do Pazo deberon motivar este nome que se lle dá pouco antes da súa desembocadura no Lagares.

► **Rodeira, A**

■ É un barrio de Comesaña.

Derivado de roda, *rodeira* (do latín ROTARIAM) ten o significado de ‘pegada que deixa unha roda no chan’ e de ‘camiño estreito’ (*Diccionario da Real Academia Galega*). En toda Galicia hai diferentes lugares, parroquias ou incluso un concello en Pontevedra que leva o topónimo *Rodeiro*, porén, a única entidade de poboación que leva esta variante feminina, en singular, é a de Comesaña. En plural, ten a parroquia de Dorrón (Sanxenxo) un *Rodeiras*.

É posible que se trate dun topónimo viario a xulgar polo cruzamento de distintos camiños polo lugar con *rilleiras* de carros marcadas na pedra, especialmente visibles aínda no camiño da Gatallada. Isto lévanos a dubidar da posibilidade de aplicarlle a Comesaña a hipótese que fala de *rodeira* como topónimo referido a un terreo de forma circular.

«una quarta de deseesa (...) al sitio de **Rodeira de afuera**» (1752, CME, Leigos, f. 440v)

«un ferrado (...) secano al sitio de **Rodeira de arriua**» (1752, CME, Leigos, f. 442v)

«la heredad y leyra de **Rodeyra**» (AHMV, Memorial, 1772, f. 5r)

► **Roliña, A**

■ **A Roliña** é o nome dunha tomada que hai entre A Cavada Nova e A Revolta, por debaixo da canteira do Jacinto.

Nun caso moi parecido ao do Raposo, temos A Roliña. Aínda que de primeiras pensemos nun diminutivo de *rola*, ave pertencente á familia das pombas de cabeza gris e cunha liña branca ou negra no pescozo, por rola tamén entenden noutros lugares de Galicia unha ‘pequena división de terra sementada de diferente cultivo que o resto da leira, encadrada por regos feitos co arado’ que servían para deter a auga da chuvía (*Diccionario de diccionarios*). É difícil precisar a orixe do topónimo desta tomada que media entre dúas correntes de auga como o rego dos Talliños e A Regueira. Sabemos que o alcume *As Rolas* (alcume familiar en Baiona) está presente tamén noutros lugares. Acaso A Roliña de Comesaña fose unha [tomada da] Roliña, antigo alcume perdido na parroquia.

► Romeu, O

Barrio da parroquia situado máis ao noroeste na estrema con Coruxo.

Romeu é como se lle chama na zona ao *Rosmarinus officinalis*, arbusto aromático que provén do latín *ROS MARINUS*. A presenza no lugar dun ou varios arbustos desta especie motivou quizais o nome de todo este barrio. O romeu é unha das plantas usadas para realizar a famosa auga do San Xoán que todas as casas facían na véspera da festividade do santo e que se tiña que deixar á intemperie para coller o rocío desta noite máxica. O *Romeu* de Comesaña foi interpretado tamén como recordo dun peregrino, ao vincularse coa imaxe dun San Romeu venerado na ermida de San Xoán que existiu en Coruxo. O seu vicario, segundo a información recollida nun expediente custodiado no Arquivo Histórico Diocesano de Tui, informou de que os vellos de Coruxo «dizen de oidas que heste Santo Romeu benia de Santiago en romería e se murió en la dicha feligresía no lugar que llaman Romeu e que a ese tiempo se abian tocado campanas de la dicha felegresia sin mobimiento de persona e lo habian sepultado en la dicha ermita en medio della de donde al presente se saca debaixo de la sepultura tierra para los enfermos de tercianas e probechan muchas personas».¹⁷

¹⁷ Iglesias Almeida, E. (1992): *Caminos portugueses a Santiago en la diócesis de Tuy-Vigo*. Vigo, p. 8.

► Saides

■ Terras ocupadas pola Zona Franca.

Os filólogos e filólogas outórganlles distintas explicacións a topónimos como *Sáides* ao ser dubidosa a súa orixe. Bascuas (2014: 269) indica que *Sáide* pode ser unha simple variante de *Záide* con seseo e, *Sáides* un patronímico *ZANITIZI (ZANITUS) ou derivado do verbo *saír* coa final relaxada en -e. Hai un *O Saído* na parroquia de Pontedeiva, en Ourense, que se enmarcaría nesta proposta. Piel (1976: 234) fai derivar os topónimos Seide, Seides, Saído e Saides presentes na toponimia galega e portuguesa, de *SAGILDUS (SAILDUS), nome de orixe xermánico composto polo gót. *SAG- ‘compañeiro’ e -GILDUS, terminación gót. de *GELDAZ, derivado de *GELDAN ‘valer’ que daría no medieval *Saldiz* (Boullón, 1999: 402). *Sáides* é pronunciado entre a xente de Comesaña sen artigo aínda que, ao falar do monte próximo, si o empregan: *O Monte das Sáides*.

«un ferrado y quarta (...) secano al sitio **de Xaides**» (1752, CME, Leigos, f. 425r)

«Blas de Comesaña trae un campo de Sayde» (AHMV, Relazion, 1643, f. 3v)

«campo de Sáide que lleba doze ferrados de pan en senbradura que demarca con jarja de Sáide Tallarín que lleba Pedro de Comesaña de Matamá» (AHMV, Morgado de Pazos, 1643, f. 1v)

► San Antonio, O

■ **O San Antonio** é un campo do barrio dos Cocheiros propiedade da familia dos Purgatorio.

O nome persoal Antón provén do latín ANTONII, xenitivo de ANTONIUS. Santo Antón é un santo honrado dende antigo e identificado por algunhas persoas como o santo de Padua e por outras como un eremita exipcio. Conta cunha imaxe no templo parroquial. Na vila de Baiona, Santo Antón era o patrón do gremio dos zapateiros, e mesmo contaba cunha capeliña propia no barrio do seu nome.

► **Sanín; Sanín Grande**

Barrio localizado na estrema con Matamá e no cal se localiza o Centro Cultural Nautilus.

Procede dun nome persoal latino-cristián SENNINIUS ou SANNINIUS (ou en -INUS), probablemente orixinario de SENEX, SENIS ‘vello’. É o nome deste barrio de Comesaña un recordo dun home propietario da Villa Sanini. O uso do xenitivo para un nome de poboación durou ata o ano 1000 aproximadamente. Outros Sanín galegos poden ser altomedievais e supoñelos romanos é arriscado. Os derivados de nomes persoais que son romanos con certeza son os formados con -ANA, como Lourenzá, Touriñán ou Nigrán. Os formados con xenitivos en -I poden ser mesmo do ano 1000.

Entre os casos documentados, temos nas terras do Salnés en 1138 «in terra de Sancta María de Lanzada **villam Sannim** concurrentem ad ecclesiam Sancte Eulalie de Denna». ¹⁸ En 1261 «in eodem die marcham unam et dimidiam **de sannin**». ¹⁹ Existe este mesmo nome en Bergondo, Brión e Paderne na Coruña; Ribadavia en Ourense e Marín en Pontevedra.

Unha das terras localizadas dentro deste barrio recibe o nome de *Sanín Grande*, atendendo ao seu tamaño, posiblemente co único fin de distinguilo doutro labradío que o propietario tiña na contorna, de menor tamaño.

«un tercio de ferrado (...) al sitio de **Sanín**» (1752, CME, Leigos, f. 426v)

«una quarta de ferrado (...) secano al sitio de **guertas de Sanín**» (1752, CME, Leigos, f. 445v)

«... un molino de una rueda al sitio de **Sanín...**» (1752, CME, Leigos, f. 459r-459v)

¹⁸ Codolga: Corpus Documentale Latinum Gallaeciae. Editado por Pérez Rodríguez, F. J.: *Os documentos do Tombo de Toxos Outos*, núm. doc. 9773, p. 26-27, f. 5r-5v.

¹⁹ Codolga: Corpus Documentale Latinum Gallaeciae. Editado por López Ferreiro, A: *Historia de la Santa Iglesia de Santiago de Compostela*, núm. doc. 6768, p. 96-98, f. 235r.

Do mesmo xeito que as mámoas coñécense tamén por *minas*, *petóns* ou *medoñas*, nalgúns lugares denominan estes monumentos *madorras*. Esta última variante debeuse dar en terras de Fragoso e Miñor. Na toponimia de Comesaña, aínda que se perdeu na fala, quedou o seu fósil na documentación:

«Miguel Estévez trae el **cocho da Madora** que aora le puso de viña» (AHMV, *Relazion*, 1643, f.2r.)

«... más veinte y ocho maravedís que anualmente paga Jazinta Paredes biuda de Joseph de la Iglesia vesina de Bigo por la **biña dela madorra**» (1697-1932, AHD, Libro de Fábrica 2, núm. 226, estante 9E/10A, f. 52v)

«Juan de Comesaña da Pedreira paga veinte y ocho reales por la **leira da Madorra**» (1697-1932, AHD, Libro de Fábrica 2, núm. 226, estante 9E/10A, f. 11)

► **Sárdomas, As**

Por detrás da gasolineira da Pedreira en Comesaña, existe aínda hoxe un pequeno reduto de terras destinadas a desaparecer coa industrialización da zona que aínda hai quen lle chama **As Sárdomas**.

Diferentes fontes históricas testemuñan o emprego deste vello hidrónimo noutras parroquias de Vigo. *Sárdoma* ten a súa orixe nunha raíz indoeuropea *SERH- ‘fluír’, que ademais de no caso vigués está presente no nome doutros ríos galegos como O Sar ou O Sorga e mesmo portugueses, como o río Certoma, procedente dun Sertoma, variante morfolóxica de Sárdoma. Hai outro Sardoma en Pontearas, como nome dun regueiro e das terras que este rega. Polo demais, o hidrónimo é sen dúbida prerromano e indoeuropeo.

«María da Riueyra de Matamá trahe vna heredad que llaman la beyga de Sárdoma» (AHMV, *Relazion*, 1643, f. 1r)

«tres ferrados y quarta (...) secano al sitio de **Sárdomas**» (1752, CME, Leigos, f. 415v)

Serán, O

Espazo que se abre ante unha das máis importantes bodegas do barrio de Rial no propio camiño.

Os *seráns* eran ‘reunións nocturnas de carácter festivo’ (*Diccionario de diccionarios*). Do latín *SERANUM ‘relativo á tarde’, era no barrio de Rial onde se debía celebrar un dos *seráns* con máis sona da parroquia e onde mulleres e homes se xuntaban a tocar a pandeirada da que aínda algunha veciña fala no lugar. O baile e o canto eran os protagonistas. A estas festas as mozas ían acompañadas das súas nais que, atentamente, vixiaban con quen *beillaban*. Nas visitas pastorais que o bispo de Tui facía á parroquia anotaba a cada pouco que «no se hagan juntas de noche así de hombres como de mujeres en lo que se llaman *seranes* por las muchas ofensas que cometen contra Dios Nuestro Señor». Chegouse mesmo a ordenar que a «los padres de los hijos e hijas que se hallaren en tales molinos y *seranes* tocando y danzando los multara por cada uno en cuatro reales y por la segunda vez en ocho» (Arquivo Histórico Diocesano de Tui (AHDT), Libro de visitas pastorales, 1722. f. 20v)

► Simona, A

Entre o barrio do Pazo e Comesaña, detrás da casa do Cuco, hai aínda a día de hoxe unhas pequenas leiras que se chaman **A Simona**.

A *Simona* é tamén un lugar da parroquia de Valadares que lembra de quen era a súa propiedade: A *Simona* é A de *Simón*.

► Souto Novo, O

Tomadas no lugar da Regueira en Casás poboadas hoxe de eucaliptos.

Os *soutos* son ‘terreos cubertos de árbores, bosque’, normalmente castiñeiros e carballos (*Diccionario de diccionarios*). Provéñ do latín

Acaso se trate dun derivado de *tallo* con sufixo diminutivo *-ín*. A súa pluralización atende ao conxunto de pezas de terra.

«campo junto a este que se dize la heredad de **Tallín** y demarca con la **cortiña do Souto** (AHMV, Relazion, 1643, f. 2r)

«dos ferrados y medio (...) secano al sitio de **Tallarín**» (1752, CME, Leigos, f. 456v)

«campo que se llama **el Tallarín** lleuara en sembradura seis ferrados» (AHMV, Relazion, 1643, f. 1r)

«Gregorio de Comesaña trae un coche que se dize de Tallarín» (AHMV, Relazion, 1643, f. 3v)

«Domingo González trae el campo de Tallarín pegado a los molinos señas» (AHMV, Relazion, 1643, f. 4r)

«**campo de Tallarín** de diez ferrados de pan en sembradura y demarca con heredad que llaman **do Angueiro** y **río de Sárdoma**» (AHMV, Morgado de Pazos, 1643, f. 1r)

► Talliños, Os

Un dos lugares máis fermosos e naturais de toda a parroquia pódese ver aquí, en **Os Talliños**, espazo onde o río crea unha serie de pequenas fervezas e move ata dous muíños. A pequena fraga aquí conservada ao pé da estrada do Zondal é digna de ser visitada.

Derivado diminutivo de *tallo*, substantivo procedente do verbo *tallar* (do latín *TALIARE*) 'cortar cunha ferramenta'. Un *tallo* é segundo Antón Santamarina unha 'leira longa e pendente que se traballa en sentido transversal', pero tamén pode referirse a cada unha das divisións menores ás que foi exposta unha gran propiedade. É con este último significado co que en Comesaña aínda se usa *tallo*, xenérico referente a 'terreos pequenos'. *Os Talliños* son hoxe monte comunal.

«dos ferrados (...) regadío al sitio de **Talliño do Freijo**» (1752, CME, Leigos, f. 644r)

«un ferrado (...) regadío al sitio **do Talliño**» (1752, CME, Leigos, f. 776)

Un *tendal* é un 'lugar no que se tendía algunha cousa ao sol' (*Diccionario de diccionarios*). Nun dos casos, o topónimo *O Tendal* refírese no barrio de Comesaña a un lugar en que se tendía a roupa, mentres *O Tendal de Bras*, en Casás, era un cocho onde este veciño da Regueira puña a secar o millo. O antropónimo *Bras*, de Blas, debeu ser común en Fragoso se atendemos a outros topónimos documentados como *A Dobrada de Bras* (Sárdoma) ou o *Campo de Bras* (Lavadores).

► **Tomada, A; Tomada de Costelas, A; Tomadas do Arieiro, As; Tomada do Muíño, A; Tomada do Médico, A; Tomadas Novas, As; Tomadas Vellas, As**

O substantivo *tomada* é na súa orixe o participio do verbo *tomar*, que desde o seu significado de 'gañar, conquistar' pasou a denominar no léxico agrícola a acción e o resultado de actuar sobre a terra brava ou de monte co obxecto de facela apta para o cultivo. *Tomada* é para a maioría de Fragoso e de Miñor 'parcela de monte'. Foron probablemente en orixe terreos gañados ao monte comunal e que comezaron a ser traballados por particulares. Eladio Rodríguez, baseándose nisto último, defínea no seu diccionario como 'anaco de monte propiedade de particulares e non comunal ou do Estado' (*Diccionario de diccionarios*).

Temos así presente o substantivo *tomada* en nomes como **A Tomada do Muíño**, en referencia á proximidade do muíño do Topete (Casás); **As Tomadas Novas**, contrapostas a **As Tomadas Vellas** (tamén denominadas O Poullo); as primeiras son terreos sacados de monte moito despois que as segundas, que como o seu outro nome indica, deberon ser nalgún momento abandonadas; **As Tomadas do Pazo**; **A Tomada da Presa** (Casás), nomeada así pola proximidade da presa da Agueira; **A Tomada de Costelas** (Casás); **A Tomada do Médico** (Sanín), refírese seguramente ao seu propietario don Juan, médico da parroquia e veciño da Igrexa; ou **As Tomadas do Arieiro** (Casás).

► Torreiro, O

Espazo en que se fan as festas ao pé do Palco Novo, detrás da cabeceira da igrexa parroquial.

É un dos sitios máis populares da parroquia e lugar de encontro, onde aínda hoxe se fan as festas patronais. En orixe *terreiro* ‘espazo aberto, praza’, derivado de *terra* (aquí coa mesma alteración ca *torrón* por *terrón*). Un dos seus sentidos máis xerais en galego é precisamente ‘espazo de terreo, xeralmente chan e desprovisto de herba e de árbores onde os nosos aldeáns celebran os seus bailes’ (*Diccionario de dicionarios*). É moi normal polo tanto nas parroquias galegas que o espazo que se abre nos arredores das igrexas se chame *torreiro* ou *turreiro*.

► Torres, As

As Torres é o nome das principais terras que explotaba a veciñanza do barrio da Rodeira, A Igrexa e Sanín.

Procedente do latín *TURRIS* ‘torre’, é un nome frecuente na toponimia. A miúdo, con *torre* non só nos referimos a un lugar de vixilancia pola súa posición orográfica, senón tamén a unha fortaleza propiamente dita. No caso de Comesaña, a veciñanza da parroquia dá a explicación popular de que os campos situados neste lugar entre os barrios da Rodeira e da Igrexa se denominan así por ser uns terreos dende os que se ve a torre do campanario da igrexa parroquial.

«diez y seis ferrados de monte (...) al sitio de **thomada da Torre**» (1752, CME, Leigos, f. 423v)

► Toxeira, A

A Toxeira é o nome duns campos hoxe cercados no barrio de Casás que, pese a que xa non teñen toxos, si están de poulo.

«Jorge Méndez y Esteuo Bonzo traen vn campo que se dize da Ufa» (AHMV, Relazion, 1643, f. 2r)

«con más sobre otro **campo** suyo que se dize **da hufa** que llebara de sembradura un bucio de trigo de sembradura poco más o menos» (1661, AHD, Convento de dominicas da Anunciada de Baiona, 16, carpeta 2, f. 4)

«más el cocho da Ufa de seis ferrados» (AHMV, Morgado de Pazos, 1643, f. 2r)

«un ferrado y medio (...) secano al sitio **da Ufa**» (1752, CME, Leigos, f. 522r)

«un ferrado (...) secano al sitio **da Ufa**» (1752, CME, Leigos, f. 527r)

«... al sitio **da Ufa**» (1752, CME, Leigos, f. 566r)

«... al sitio **da Ufa**» (1752, CME, Leigos, f. 645r)

► **Veiga Grande, A; Veiga, A; Viña da Veiga, A**

A Veiga é o nome dos terreos que ocupa a empresa Gestamp en pleno barrio de Comesaña, e onde noutros tempos estivo a Matricería LAP (Luís Aramburu Parra), de aí que moita xente fale tamén dos *Campos de Alamburu* modificando o apelido orixinal. Preto desta estaban os campos de **A Veiga Grande** e **A Viña da Veiga**, este último topónimo nome dun dos barrios dende o século xx.

Veiga é unha palabra prelatina característica de toda a península ibérica (en castelán *vega*) para designar as terras cultivables e fértiles, normalmente ás beiras dun río, que no caso galego pasou a referirse a calquera terra de labor. Son múltiples as súas acepcións nos dicionarios: ‘terreo baixo, amplo e fértil’ (*Diccionario da Real Academia Galega*), ‘herdade ou labradía de curtas dimensións’ ou ‘porción de terreo chan e húmido, dedicado a cultivo de cereais’ (*Diccionario de dicionarios*). A partir deste substantivo feminino xurdiron nomes como **A Veiga Grande**, onde *veiga* aparece modificada polo adxectivo *grande* que nos informa do tamaño da terra; ou **A Viña da Veiga**, que nos indica o lugar onde estaba plantada a viña. Aparece tamén o topónimo **A Veiga da Viña** constantemente na documentación ata o século xx.

► **Viña Alta, A; Viña da Veiga, A; Viña de Comesaña, A; Viña do Poste, A; Viña do Roque, A; Viña Nova, A; Viñas do Tombo, As**

■ **A Viña da Veiga** pasou de referirse a unhas únicas terras a facelo de todo un barrio.

Do latín *VINEA* désígnanse co substantivo *viña* os terreos en que hai plantados *Vitis vinífera*. A maioría dos nomes recollidos de viñas refírense ao lugar en que se localizan, como acontece en **A Viña da Veiga, A Viña de Comesaña** ou **As Viñas do Tombo**. Os outros designan certas características das viñas e mesmo o seu antigo propietario como **A Viña do Roque**. Así, **A Viña Alta** é unha das moitas viñas en parra da parroquia, pero que, ao ter que ceder paso de servidume, conta cunha altura destacada fronte á normal. **A Viña Nova** refírese a unha terra en que non debía haber vides pero que se plantaron novas.

Segundo o Catastro de Ensenada en Comesaña había «ciento y once cavaduras de parra, cinquenta y cinco de primera calidad y cinquenta y seis de segunda. Ducientas y quarenta cavaduras de viñas, treinta y una de primera [calidad], ciento veinte y nueve de segunda [calidad] y ochenta de tercera [calidad]».

«dos ferrados (...) secano al sitio de **Viña Vella**» (1752, CME, Leigos, f. 437v)

Outro topónimo que se debeu perder ao longo dos anos e relacionado con *viña*, por referirse a un terreo destinado a viñado, é *O Bacelo*. Procedente de **BACILLU* OU *BACELLU* referíase a terreos en que había viña recentemente plantada, pois bacelo é un 'vástago de videira que se planta para crear cepa'.

«una tercia de cavadura de viña (...) al sitio **do Bazelo**» (1752, CME, Leigos, f. 626v)

► **Viragaia, A**

■ **A Viragaia** é a ladeira que, dende o antigo camiño do Perdiz, foi solucionada no PAU de Navia a base de estanques de auga.

Os trazados tortuosos dalgúns dos camiños deron lugar á aparición de voltas e estreitamentos perigosos denominados por algo que os caracterizou; no caso de *A Volta do Sevilla* foi a proximidade da casa deste veciño mentres que no topónimo de A Volta da Gabaneta descoñecemos se aconteceu algo semellante pero cunha persoa alcumada A Gabaneta. Neste caso, o alcume podería provir do uso dunha antiga peza de roupa, derivada de gabán, coñecida como *gabaneta*.

► **Xan Cereixo, O**

O topónimo *Xan Cereixo* consta dun primeiro elemento formado por Xan, variante popular galega do nome Xoán e un segundo, Cereixo, apelido ou alcume do poseedor destas terras. A unión de nome e apelido, seguindo este patrón, documentámolo noutros lugares como Xan Amigo (Osedo, Sada), Xan Xordo (Sabugueira, Compostela), Xan Ferro (Baíña, Baiona) ou Xan Carreatos (Baredo, Baiona). En Comesaña existe tamén *A Casa do Xan Fernández* no barrio da Ponte.

«vna coutada al sitio de **San Sereyxo**» (AHMV, Memorial, 1772, f. 5v)

► **Xepemiguel, O**

Nome dunha das parcelas das moitas que forman os campos de Redondos.

Xepe era hipocorístico habitual no século XIX para Joseph. Como en Pepe, pénsase na posible influencia dos hipocorísticos italianos de Giuseppe. *O Xepemiguel* é o resultado evolutivo dun José Miguel, seguramente nome do seu antigo propietario e que quedou na terra referíndose ao (campo) do José Miguel.

Os Alcumes da parroquia na toponimia

Cando a xente se relacionaba máis entre ela, cando o traballo do agro era comunitario ou cando ao saír da misa se dispuñan os arranxos dos camiños e a limpeza das presas, todos sabían os alcumes das familias. Eran elemento identificador dunha casa, dos seus membros e mesmo das terras que se posuían. Tentar explicar cada un dos sobrenomes é complexo, atenden a motivación diversa e hainos tan curiosos como **O Twist** (polo baile ou ritmo), **O Pulido** (podería corresponder a apelido), **O Feto**, **O Fanito**, **O Caghetillo** (pronunciaba mal carretillo), **A Chicheliña**, **O Despegaorellas**, **A Cabeza de Pito**, **A Heredera**, **O Marica**, **A Franselina**, **A Calandra**, **A Cafona**, **A Sexa**, **O Canete**, **O Perero**, **O Caneco**, **A Charragela**, **O Tolo**, **O Mala Raia**, **A Chorona**, **O Mimoso**, **O Fatigas**, **A Chidiñas**, **A Matiña**, **O Planchado**, **A Quica**, **A Marrola**, **A Chinita** ou **O Ligero**; este último, castelanizado, foi tamén apelido durante a Idade Moderna e poido documentarse para as terras de Fragoso e de Miñor no século XVII ou XVIII como *Lixeiro*.

Boa parte deles quedaron identificados cunha casa, a casa matriz, o xerme da familia e célula básica de consumo e produción (Souto González, 1995: 4). Nomes e apelidos serviron tamén, como se de alcumes se tratasen, como distintivo familiar: **A Casa da Crespa** (Rial), **A Casa do Acuña** (A Ponte), **A Casa do Calzada** (A Igrexa), **A Casa do Costas** (Casás), **A Casa do Gandra** (O Tombo), **A Casa do Grande** (As Pereiras), **A Casa do Hermida** (A Ponte), **A Casa do Iglesias** (A Ponte), **A Casa das Millanas** (A Ponte), **A Casa do Monroi** (O Pazo), **A Casa do Novas** (Os Eidos), **A Casa do Piñeiro** (Casás), **A Casa do Rodríguez** (Comesaña), **A Casa do Sangiao** (As Nogueiras), **A Casa do Sobreira** (A Ponte), **A Casa dos Caietanos** (Casás), **A Casa dos Campiños** (Rial),

A Casa dos Carreira (Casás) ou **A Casa dos Simóns** (Casás). Xunto aos apelidos, algúns nomes quedaron como denominación das casas, como pasa en **A Casa da Benjamina** (Casás) ou **A Casa de Marta** (Casás).

DE APELIDOS

Entre os apelidos son dignos dunha pequena explicación, respecto da súa orixe, os seguintes.

► Baladrón

Apelido xurdido de alcume referente a home ‘farfallán, o que sendo covarde xáctase e alardea de valente’ (*Diccionario de diccionarios*). Os *Baladróns* de Comesaña son orixinarios da veciña parroquia de Coruxo.

A Casa do Baladrón (Casás)

► Llanderas

Llanderas é un apelido pouco frecuente en Galicia e non galego segundo delata a súa forma con // inicial. É apelido toponímico que levan nesta área oito persoas en Nigrán e once en Vigo. En España, Gipuzkoa é a provincia con máis xente así apelidada.

A Casa do Llanderas (As Nogueiras)

A Cabana do Llanderas (As Nogueiras)

Campo do Llanderas (nos terreos da desaparecida industria Hierros Arteta na Florida)

► Meijide

Da feminización e adaptación do apelido castelanizado *Meijide* (*Ameixide* orixinal) en alcume, provén *A Meijida* ou *A Mengida*. A

Os Alcumes da parroquia na toponimia

forma en que deu o alcume semellaría máis dun AMEIXIDA orixinal, castelanizado, entendido na toponimia como lugar onde hai ameixeiras (do latín DAMASCENETA).

A Casa da Meijida (Casás)

► Pintos

O apelido *Pinto*, seguramente toponímico, orixinario de *Pintos* (Pontevedra) deu lugar na parroquia a un alcume que conta con variante masculina e feminina. En Vigo é o apelido de 441 persoas.

A Casa do Pintos (Sanín)

A Casa de Pura A Pintas (Os Liñares, Os Cocheiros)

► Reinaldo

Reinaldo é apelido patronímico sen sufixo procedente dun nome persoal medieval de orixe xermánica (REGINALDUS). O foco de expansión de todas as persoas portadoras deste apelido parece ser o lugar dos Reinaldos, na Caniza, o que levaría a consideralo apelido toponímico (a pesar de ter sido como dixemos o topónimo o que se formou a partir do nome persoal). Ao coñecerse o lugar en forma plural, como o alcume de Comesaña, o apelido toponímico debería ser Reinaldos se non se considera que o plural naquel topónimo é secundario, sendo a forma orixinaria en singular como demostra, xunto a outras variantes, a documentación (consultada polo profesor Gonzalo Navaza) do mosteiro de Melón (Ourense) desde, polo menos, o século XIII con *A de Reinaldo*, *Id quod Regnaldus* ou *Cabana de Reinaldo*. Reinaldo é apelido galego a pesar da orixe exótica en Francia que a explicación popular local achegada por Antonia Costas Comesaña lle outorga. Segundo esta, entre as tropas do coronel Chalot e o xeneral Limousin viña un Renault ou Renaud que, tras a retirada, se asenta en terras da Caniza. De aquí procedería a rama orixinaria que logo de asentarse en San Paio de Navia, emparentaría en Comesaña. Levan este

apelido 124 persoas en todo o concello vigués e 65 na Caniza. A lenda popular puido ter certo fondo. Outra versión lembra como os antepasados desta familia viñeron fuxidos de Francia cando naqueles territorios se estaba a vivir unha guerra.

A Casa dos Reinaldos (Sanín)

► Ricoi

A tradición popular local di que a familia Ricoi non era nativa da parroquia. Cóntase na familia que, cando se comezou a construír a igrexa de Matamá, xunto a moitos dos canteiros da contorna, concorreron á obra do templo canteiros cataláns. Entre eles, parece que viña José Luís Ricoi Monteagudo, un recoñecido canteiro catalán que participou na obra e que trouxo este apelido. En 1900 documentamos xa con residencia en Comesaña ao mestre canteiro don Luís Ricoi Prado, partícipe na construción, entre outras obras, da casa do barbeiro Juan Jalda Figueiras, no sitio da Ribeira do Mar, paralela á rúa de Santa Ana, en Bouzas.²⁰ En todo Vigo contabilízanse 104 persoas así apelidadas, o que o converte nun dos concellos galegos con máis presenza de Ricoi.

A Casa do Ricoi (A Viña da Veiga)

O uso deste apelido como se fose un alcume levou á súa feminización ao coñecerse unha filla do Ricoi como *A Ricoia*.

A Casa da Ricoia (O Tombo)

► Rouco

Apelido común na comarca, orixinado do latín RAUCUS, o apelido *Rouco*, documentado amplamente na onomástica medieval galega, é adxectivo aplicado a quen está ‘afectado de rouquén’, por son ou voz ‘áspera e pouco clara’ (*Diccionario da Real*

²⁰ Arquivo Histórico Municipal de Vigo, BOU/25. 1900, maio, 15, Comesaña.

Os Alcumes da parroquia na toponimia

Academia Galega). En 1858 Benito Rouco Posada manifesta ante o Concello, para que se lle cobre a correspondente contribución, ter construído dende 1874 unha casa de planta baixa no lugar da Rodeira.²¹

A Casa do Rouco (Os Eidos)

► Vilas

O apelido *Vilas* é un plural secundario e equivale ao orixinal *Da Vila*, como Os Costas dun Da Costa. Recolleuse noutras parroquias o alcume *O Vilas* con valor toponímico en recordo do lugar de onde era natural quen o levaba (Vilas en Morgadás). O mesmo acontece en alcumes como *O Belesar*, *O Morgadás* ou *O Lañelas* (de Lanhelas, Portugal) recollidos en Santa Baia das Donas (Gondomar).

A Casa do Vilas (Comesaña)

CARÁCTER E COMPORTEAMENTO

► Barbatán, O

Barbatán é unha palabra que se emprega como adxectivo cualificativo aplicado a un home bruto.

A Casa do Barbatán (Comesaña)

► Cabra, O

O nome da *cabra* serviu, polo comportamento do animal inqueda e aventureiro, para referirse a persoas destemidas e algo atoladas.

21 Arquivo Histórico Municipal de Vigo (AHMV), BOU/25. 1858, decembro, 19, Bouzas.

A Casa do Cabra (O Pazo)

A Casa de Lucinda do Cabra (A Pedra Branca)

A Tenda do Cabra (Casás)

▶ **Cachán, O**

A palabra *cachán* aplícase normalmente como alcume a un 'home que é moi dado ás mulleres' e como eufemismo para designar o demo (*Diccionario de dicionarios*). En Comesaña, o alcume orixinal tamén se feminizou coa forma *Cachana*.

A Casa dos Cacháns (O Tombo)

A Casa da Cachana (Comesaña)

▶ **Carozo, O**

Cando acabamos de debullar o millo o que nos queda é o carozo. É 'a parte leñosa ou óso da espiga' (*Diccionario de dicionarios*). Aplícase ás persoas que seguindo o dito popular «son duras coma carozos».

A Casa do Carozo (Sanín)

▶ **Corroña, A**

Probablemente derivado de *carroña*, é un substantivo empregado para falar de persoas que só traballan para 'o seu propio ben, miserables e egoístas'. É carroña ou carraña un sinónimo tamén de *roña*, referíndose tamén á 'capa de sucidade do corpo por falla de limpeza' (*Diccionario de dicionarios*).

A Casa da Corroña (Muíños)

●●●●●●●●●● Os Alcumes da parroquia na toponimia

▶ **Cuco, O/Cuca, A**

O alcume *cuco* procedente do paxaro (*Cuculus canorus*) aplícase ás persoas 'que a todo sacan proveito', así como adxectivo para falar de alguén 'listo, avisado, astuto e sagaz' (*Diccionario de dicionarios*).

A Casa do Cuco (Os Cocheiros)

A Casa do Cuco (O Pazo)

A Casa da Cuca (As Pereiras)

▶ **Grilo, O**

Puido ser o costume de cantar seguido o que motivou a aparición deste alcume. *O Grilo* sabemos que era propietario dun muíño en Casás.

O Muíño do Grilo (A Regueira, Casás)

O Charco do Grilo (A Regueira, Casás)

A do Grilo (As Pereiras)

▶ **Maturranca, O**

O alcume *maturranca* é posible que sexa unha alteración dun orixinal *maturranga*, substantivo masculino empregado para falar dunha persoa vagabunda, paseante e folgazana (*Diccionario de dicionarios*).

A Casa do Maturranca (A Ponte)

▶ **Mixerica, A**

Téndese a falar de persoa *mexericas* cando esta gusta de contar chismes e cousas da vida dos demais. Nalgúns casos, menos

frecuentes, refírese a unha persoa que por nada que teña xa se está a queixar, motivo polo que Sarmiento dedicou a *Mixeriqueiro* unha obra enteira.

A Casa da Mixerica (Comesaña)

▶ Paifocos, Os

Úsase o adxectivo *paifoco* (a partir do primeiro elemento *Paio*, nome persoal) para falar dunha persoa ‘pailana, agreste, rústica e de modais rudos’ que á vez podía ser ignorante (*Diccionario de diccionarios*).

A Casa dos Paifocos (Casás)

▶ Pelates, O

Alcume procedente do nome Pilatos. Poncio Pilato foi o gobernador romano responsable da condena de Xesucristo á cruz, polo que se relacionou este nome tradicionalmente con persoas de mal xenio e de mal carácter, que ao igual ca este personaxe *lavan as mans* en certos temas.

A Casa do Pelates (A Igrexa)

▶ Pillabana, A

O feminino de *pillabán* é *pillabana*, adxectivo empregado para falar dunha ‘persoa lista e esperta que sabe cousas impropias da súa idade’ e que actúa tamén con malicia e astucia facendo sempre trasnadas. Úsase na parroquia o dito «Ser como a defunta da Pillabana» para referirse a unha persoa que todo lle vale.

A Casa da Pillabana (A Pedra Branca)

ASPECTO FÍSICO

► **Barbas, O**

É un alcume individual orixinado polo costume de levar barba que tiña o seu orixinal posesor. *Barba* tamén é apelido que levan no concello de Vigo 24 persoas.

A Casa do Barbas (Rial)

A Mina do Barbas (Rial). Mina de auga de gran lonxitude escavada no xabre e de uso particular desta familia. Accédese a ela por unhas escaleiras de pedra.

► **Galán, O**

Ser *galán* aplicábase ao home que era garrido e atractivo 'que galanteaba e lle facía as beiras ás mulleres' (*Diccionario de dictionarios*). Como apelido son Galán en Vigo 132 persoas.

A Casa do Galán (A Igrexa)

► **Marelas, As**

Este alcume é posible que se refira á coloración da pel destas mulleres solteiras que vivían no barrio da Pedreira. Os dictionarios recollen tamén para *marela* a 'canción que as cuadrillas de segadores cantan a toda voz para competir cos doutros grupos' (*Diccionario de dictionarios*).

A Casa das Marelas (A Pedreira)

► **Pirillas, O**

Ao igual ca no caso do Barbas, este alcume foi en orixe individual e pasou logo a referirse a toda a familia deste home que debía deixar perilla.

- A Casa do Pirillas (A Igrexa)
- A Canteira do Pirillas (Casás)
- O Lugar da Pirillas (Casás)

EIVAS E DEFECTOS

Bastaba con ter unha eiva, xa nun ollo para que che puxesen *O Chosco* ou *O Cego*, xa nunha perna para ser *O Coxo*.

► Cagallón, O

Referente tanto a persoas coma a animais, un *cagallón* é a 'materia fecal consistente e moldeada' (*Diccionario de dicionarios*). Aplícase neste caso a unha persoa baixo a acepción de medoñenta ou por problemas intestinais nalgún momento concreto da súa vida.

A Mina do Cagallón (Sanín)

► Callán, O/Callana, A

Callán é unha palabra sinónima de mangallón. Como adxectivo emprégase para designar unha persoa 'folgazana, vaga, rapaz moi crecido e moi indolente' (*Diccionario de dicionarios*).

O Lugar dos Calláns (A Ponte)

A Casa da Callana (A Ponte)

► Canelas, O

A 'parte da perna situada entre o xeonllo e o pé' (*Diccionario de dicionarios*) é a *canela*, palabra que nos últimos tempos pasou a substituírse na zona pola forma castelán *canilla*. Cando se aplica como alcume a unha persoa faise atendendo ás canelas longas e delgadas que tiña, que deron lugar ao adxectivo *escanelado*

Os Alcumes da parroquia na toponimia

(castelanizado en *escanillado*) ou polo costume de «andar en canelas» (sen medias, co pé espido dentro do zapato).

A Casa do Canelas (O Tombo)

► Colludo, O

